



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 27 de agosto de 2021 (1065/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font (online)
D. Abel Losada Álvarez (online)
D. Jaime Aneiros Pereira (online)
D^a Yolanda Aguiar Castro (online)

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e cinco minutos do día vinte e sete de agosto de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(751).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 18 de agosto e ordinaria e extraordinaria e urxente do 20 de agosto de 2021. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(752).- DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DAS ACTUACIÓNS INCLUÍDAS NO I FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA CLÁSICA E JAZZ NA PRAZA DE COMPOSTELA, DENTRO DO PROGRAMA "VIGO EN FESTAS 2021". EXPTE. 8844/335.

Dáse conta da proposta de data 23/08/21 asinada pola técnica de Admón. Xeral (Delegación do 03/05/19) e pola xefa do Servizo de Festas, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade das actuacións incluídas no I Festival internacional de música clásica e jazz na praza Compostela, dentro do programa “VIGO EN FESTAS 2021” (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 9 de agosto de 2021, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade do contrato das ACTUACIÓNS PRIVADAS DA ORQUESTA VIGO 430, VIGO ENSEMBLE E ABE RÁBADE TRÍO E A DIRECCIÓN ARTÍSTICA, incluídas no I FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA CLÁSICA E JAZZ NA PRAZA COMPOSTELA, dentro do Programa “VIGO EN FESTAS” 2021.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 29 de xullo de 2021 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, de 6 de agosto de 2021 pola Xefa do Servizo de Contratación do contrato para as actuacións “ORQUESTA VIGO 430, VIGO ENSEMBLE E ABE RÁBADE TRÍO E A DIRECCIÓN ARTÍSTICA”, incluídas no I FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA CLÁSICA E JAZZ NA PRAZA COMPOSTELA, dentro do Programa “VIGO EN FESTAS” 2021.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 28.725,40 €, e sendo o valor estimado do contrato de 23.740,00 € con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo).

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- O 10 de agosto de 2021 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a VIALETHEIA, S.L.U., concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- O 12 de agosto de 2021 VIALETHEIA, S.L.U., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.



Concello de Vigo

Cuarto.- O 12 de agosto de 2021, reuníronse a xefa do Servizo de Festas coa técnica de Administración xeral (por delegación da xefa do Servizo de Contratación de data 21.06.19), co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación persoal e acordouse “ao abeiro do previsto na cláusula 14.3 do PCAP, conceder un prazo de 3 días a VIALETHEIA, S.L.U. para que poida emendar a documentación presentada no sobre A:

- *O obxecto social recollido na escritura de constitución presentada non está incluído no obxecto do contrato, polo que deberán acreditar esta circunstancia mediante a presentación de escritura ou documentos nos que conste a constitución da entidade e os estatutos polos que se rexa, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda (8.4.1 do PCAP).*
- *Ao recorrer á solvencia dun terceiro, a empresa que asina o DEUC do terceiro e a que cumprimenta o anexo III do PCAP debe ser a mesma. En todo caso, a solvencia que o terceiro porá a disposición do licitador debe referirse a traballos similares aos do obxecto do contrato como esixe a cláusula 8.4.3 do PCAP (“Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constituían o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ao prezo do contrato.”). Lémbrese que o CPV deste contrato é 92312100-2 (Servizos artísticos de produtores de teatro, grupos de cantantes, bandas e orquestras) e que o anexo III deberá asinarse dixitalmente polo terceiro.*
- *Deberá presentar novamente o anexo II do PCAP ao faltar a cumprimentación da subcontratación de servidores”.*

Quinto.- Durante o prazo concedido, o 13 de agosto de 2021, VIALETHEIA, S.L.U. presenta escrito no que indica “ non nos é posible subsanar o requirimento no prazo outorgado e non vamos aportar a documentación”.

Sexto.- O 23 de agosto de 2021, a xefa do Servizo de Contratación xunto coa xefa do Servizo de Festas acordaron non admitir a VIALETHEIA, S.L.U. por non ter emendado a documentación persoal esixida na cláusula 13.7 do PCAP e propoñer declarar deserta esta licitación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- As cláusulas 14 e 18 do PCAP atribúen á xefatura do Servizo de Contratación e á xefatura do servizo xestor tanto a apertura e cualificación da proposición como a proposta de adxudicación deste procedemento, polo que a proposta de declaración de deserto do procedemento deberá recaer tamén nas citadas xefaturas.

Dado que con data do 23 de agosto de 2021 a xefa do Servizo de Festas e a técnica de Administración xeral (por delegación da xefa do Servizo de Contratación de data 21.06.19) acordaron non admitir a VIALETHEIA, S.L.U., licitador que ostenta a exclusividade para representar aos artistas nas actuacións obxecto deste contrato, por non ter emendado a

documentación persoal dentro do prazo concedido para o efecto, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o procedemento negociado sen publicidade das actuacións incluídas no I Festival internacional de música clásica e jazz na praza Compostela, dentro do programa “VIGO EN FESTAS 2021” porque a xefa do Servizo de Festas e a xefa do Servizo de Contratación acordaron, o 23 de agosto de 2021, non admitir a VIALETHEIA, S.L.U., licitador que ostenta a exclusividade para representar aos artistas nas actuacións obxecto deste contrato, por non ter emendado a documentación persoal dentro do prazo concedido para o efecto”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(753).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL (1). EXPTE. 2814/500

Visto o acordo favorable do Tribunal Económico Administrativo do 13/08/2020 e o informe de fiscalización do 20/08/2020, dáse conta do informe-proposta do 18/08/2020, asinado pola técnica xurídica de Dirección de Ingresos e xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.NORMATIVA APLICABLE:

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT), modificada por Lei 11/2021, de 9 de xullo de medidas de prevención e loita contra o fraude fiscal, de transposición da Directiva (UE) 2016/1164, do Consello de 12 de xullo de 2016, pola que se establecen normas contra ás prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante, LPAC).
- RD 203/2021 de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento da actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.



Concello de Vigo

- Real Decreto 939/205 de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, modificado polo Real Decreto 1071/2017 de 29 de decembro (en adiante, RXR).
- Lei 3/2011 de 30 xuño de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- Regulamento UE 2016/679 do 27 de abril do Parlamento Europeo e do Consello.
- Lei 6/2021 de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.
- Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 30 de setembro de 2020 aprobouse a modificación de determinados artigos da presente Ordenanza Fiscal Xeral.

Segundo.- O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 23.07.2021.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS.

Para a aplicación dos tributos, a administración municipal ten que rexirse pola normativa propia de cada tributo, pero tamén ten que seguir as normas de xestión, liquidación, inspección, recadación e revisión establecidas en normativa legal e desenvolvidas nesta Ordenanza fiscal xeral.

A través da Ordenanza Fiscal Xeral, o Concello de Vigo adapta a normativa tributaria ao réxime de organización e funcionamento interno propio, tal e como establece o artigo 12.2 do TRLRFL.

I. A presente modificación consiste na adaptación do texto da ordenanza á normativa xeral de aplicación, en particular, ao contido actualizado da Lei 58/2003 Xeral Tributaria e, en particular no relativo ás modificacións introducidas pola *Lei 11/2021, de 9 de xullo de medidas de prevención e loita contra o fraude fiscal, de transposición da Directiva (UE) 2016/1164, do Consello de 12 de xullo de 2016, pola que se establecen normas contra ás prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, así como ao RD 203/2021 de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento da actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.*

- Modifícase o artigo 15 conforme á nova redacción do artigo 27.2 da LXT sobre recargos por declaración tributaria extemporánea.

- No artigo 19 Bis introdúcese un requirimento novo a obrigados a relacionarse electronicamente coa Administración, regulase a forma na que as persoas físicas deben manifestar a vontade de relacionarse exclusivamente por medios electrónicos e regúlase o que procede sobre funcionarios habilitados cando as persoas non dispoñen de medios electrónicos, todo o anterior de conformidade co *RD 203/2021 polo que se aproba o Regulamento da actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.*

- No artigo 33 introdúcese a necesidade de “resolución expresa” para que un obrigado tributario poida considerarse que ten desistido da súa solicitude cando non utiliza impresos normalizados.
- No artigo 67 regulase a entrada en lugares por parte da inspección tributaria conforme ao artigo 142.2 da LXT
- Modifícase o artigo 71 da ordenanza conforme ao artigo 161.2 da LXT
- No artigo 79 modifícanse as reducións dos importe das sancións por conformidade e actas con acordo segundo o disposto no artigo 188 da LXT,

II. Por motivos de economía no procedemento, introdúcese como disposicións adicionais a esta ordenanza unha serie de modificacións nas seguintes ordenanzas fiscais:

A DISPOSICIÓN ADICIONAL 1ª engade unha disposición transitoria para o exercicio 2022 na **ordenanza fiscal reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local, do seguinte tenor literal:**

“Pola situación excepcional creada pola pandemia Covid 19 declárase, para o exercicio 2022, a non suxeición á taxas por ocupacións do epígrafe E) ocupación de terreos do dominio público local con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa”.

Fundamentase esta declaración de non suxeición no carácter potestativo deste tributo conforme o artigo 20.1 do TRLRFL.

A DISPOSICIÓN ADICIONAL 2ª modifica a **ordenanza fiscal reguladora das taxas pola recollida do lixo** declarando non incluídos nesta taxa os servizos de recollida de animais domésticos mortos e de residuos de construción procedentes de obras menores e reparacións domiciliarias que, aínda que están considerados “residuos domésticos” no artigo 3b) da Lei 22/2011 de 28 de xullo de residuos e solos contaminados, terán a súa taxa específica regulada na ordenanza fiscal nº20.

Fundamentase esta exclusión no feito de que a taxa de recollida domiciliar do lixo afecta á xeneralidade dos contribuíntes en tanto que os servizos específicos relativos a animais e entullos só os disfruta/solicita unha pequena parte dos contribuíntes.

Realízanse correccións de tipo técnico no artigo 4 da Ordenanza.

A DISPOSICIÓN ADICIONAL 3ª introduce na **ordenanza fiscal reguladora da taxa pola concesión de licenzas de construcións, obras e instalacións** unha exención de taxas de conformidade co artigo 24.4 do TRLRFL do seguinte tenor literal:



Concello de Vigo

Artigo 5.

7. Gozaran de exención total as taxas relativas a obras a realizar na vivenda habitual de persoas que pola súa capacidade económica resultaren exentas da taxa de lixo vivenda de conformidade co disposto na ordenanza fiscal nº16.

A DISPOSICIÓN ADICIONAL 4ª introduce na **ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras** un novo suposto de bonificación conforme ao artigo 103.2 a) do TRLRFL por concurrir circunstancias sociais.

A bonificación introducida presenta o seguinte texto:

Artigo 3. Exencións e Bonificacións.

9. Decláranse, “de especial interese ou utilidade municipal” e gozaran dunha bonificación do 95% na cota do imposto de conformidade co artigo 103.2 a) do RDL 2/2004 as obras de reparación, rehabilitación ou reforma a realizar na vivenda habitual de persoas que pola súa capacidade económica resultaren exentas da taxa de lixo vivenda de conformidade co disposto na ordenanza fiscal nº16.

A DISPOSICIÓN ADICIONAL 5ª modifica a **ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre incremento de valor dos terreos de natureza urbana**, incorporando o prazo de solicitude de bonificación para adquisicións mortis causa de vivenda habitual do causante por parte do seu conxugue, descendentes e ascendentes, por natureza ou adopción.

A DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª incorpora na **ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas** a nova redacción do artigo 82.1.c) do TRLRFL modificado por Lei 11/2021, de 9 de xullo relativo as regras para determinar o importe neto da cifra de negocios.

A DISPOSICIÓN ADICIONAL 7ª modifica a **ordenanza fiscal reguladora das taxas polos documentos que expida ou de que entenda a administración do concello e da xerencia de urbanismo, a instancia de parte** no seu artigo 5. Refunde os tres epígrafes de tres servizos relativos a certificados do Padrón municipal de habitantes en dous por responder mellor isto ultimo a os custes da prestación.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

Para os efectos do disposto no artigo 129.7 da Lei 39/2015, cómpre indicar que a presente modificación regula aspectos procedimentais e técnicos sen repercusión dende o punto de vista das previsións nas correspondentes partidas orzamentarias do exercicio 2022 agás en tres supostos:

- Partida do orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo: Licenza de Obras 32.100 na que por efecto da exención regulada nas taxas de obras, --tendo en conta o numero de contribuíntes exentos na taxa de recollida de lixos en numero aproximado de 4.000, así como as previsións de solicitudes de reparacións domiciliarias por este colectivo-- estímase unha minoración nesta partida de 40.000 euros.

- Partida 29.000 do orzamento de ingresos do Concello: Imposto sobre construcións. Estímase por aplicación da bonificación do 95% introducida para reparacións domiciliarias aplicable á o colectivo exento na taxa de recollida do lixo, unha minoración de 140.000 euros.

- Partida 33.500: Taxa por ocupación con mesas e cadeiras na que por efecto da non suxeición para o exercicio 2022 á taxas por ocupacións do epígrafe E) ocupación de terreos do dominio publico local con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa, debe minorarse o importe de 40.000 euros.

5. INNECESARIEDADE DO TRÁMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, *“cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública”* a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

Segundo informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018: *“o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”*.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, *«unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”*.

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.



Concello de Vigo

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudo e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudo e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

Á vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno local a adopción do seguinte,

ACORDO:

1º) Aprobar a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL XERAL” (1), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

ARTIGO 15.- RECARGOS POR DECLARACIÓN EXTEMPORÁNEA SEN REQUIRIMENTO PREVIO.

2. O recargo será unha porcentaxe igual ao 1 por cento máis outro 1 por cento adicional por cada mes completo de retraso co que se presente a autoliquidación ou declaración respecto ao término do prazo establecido para a presentación e ingreso.

Dito recargo calcularase sobre o importe a ingresar resultante das autoliquidacións ou sobre o importe da liquidación derivado das declaracións extemporáneas e excluírá as sancións que puideran esixirse e os xuros de mora devindicados ata a presentación da autoliquidación ou declaración.

Se a presentación da autoliquidación ou declaración se efectúa unha vez transcorridos 12 meses desde o término do prazo establecido para a presentación, o recargo será do 15 % e excluírá as sancións que puideran esixirse. Nestes casos, esixiranse os xuros de mora polo período transcorrido desde o día seguinte ao término dos 12 meses posteriores á finalización do prazo establecido para a presentación ata o momento no que a autoliquidación ou declaración se tivera presentado.

Nas liquidacións derivadas de declaracións presentadas fora de prazo sen requirimento previo non se esixirán xuros de mora polo tempo transcorrido desde a presentación da declaración ata a finalización do prazo de pago en período voluntario correspondente á liquidación que se practique, sen perxuízo dos recargos e intereses que corresponda esixir pola presentación extemporánea.

Non obstante o anterior, non se esixirán os recargos deste apartado se o/a obrigado/a tributario/a regulariza, mediante a presentación dunha declaración ou autoliquidación correspondente a outros períodos do mesmo concepto impositivo, uns feitos ou circunstancias idénticos aos regularizados pola Administración, e concorren as seguintes circunstancias:

a) Que a declaración ou autoliquidación se presente no prazo de seis meses a contar desde o día seguinte a aquel no que a liquidación se notifique ou se entenda notificada.

b) Que se produza o completo recoñecemento e pago das cantidades resultantes da declaración ou autoliquidación nos termos previstos no apartado 5 deste artigo.

c) Que non se presente solicitude de rectificación da declaración ou autoliquidación, nin se interpoña recurso ou reclamación contra a liquidación ditada pola Administración.

d) Que da regularización efectuada pola Administración non derive a imposición dunha sanción.

O incumprimento de calquera destas circunstancias determinará a esixencia do recargo correspondente sen máis requisito que a notificación ao/á interesado/a.

O disposto nos parágrafos anteriores non impedirá o inicio dun procedemento de comprobación ou investigación en relación coas obrigas tributarias regularizadas mediante as declaracións ou autoliquidacións a que os mesmos se refiren.

ARTIGO 19 BIS.- RELACIÓNS ELECTRÓNICAS COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.

1.

paragrafo segundo

- Quen represente a un interesado ou interesada que estea obrigado/a a relacionarse electronicamente coa Administración

Cando a persoa interesada estea obrigada a relacionarse a través de medios electrónicos e incumpra esta obriga, o órgano administrativo competente requirirá a correspondente subsanación, advertindo que, de non ser atendido o requirimento no prazo de dez días, terase por desistido da súa solicitude ou poderase declarar decaído no seu dereito ao



Concello de Vigo

trámite correspondente, previa resolución que deberá ser ditada nos términos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro. Este réxime de subsanación será así mesmo aplicable ás persoas físicas non obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos que, de acordo co disposto no apartado 2 seguinte, comuniquen a súa decisión de relacionarse exclusivamente por medios electrónicos coa Administración Tributaria do Concello.

2.

Engádesse ao apartado 2 actual o seguinte texto:

Neses casos, as persoas físicas poderán exercer o seu dereito a relacionarse electronicamente coa Administración tributaria do Concello ao inicio do procedemento e, a tal efecto, comunicaranlo ao órgano competente para a tramitación do mesmo de xeito que este poida ter constancia de dita decisión.

A vontade de relacionarse electronicamente ou, no seu caso, deixar de facelo, cando se tivera comunicado previamente ao órgano encargado da tramitación do procedemento conforme ao párrafo anterior, poderá realizarse nunha fase anterior do procedemento, se ben deberá comunicarse a dito órgano de xeito que quede constancia da mesma. En ambos casos, os efectos da comunicación produciranse a partir do quinto día hábil seguinte a aquel no que o órgano competente para tramitar o procedemento teña constancia da mesma.

3.

Engádesse ao apartado 3 actual o seguinte texto:

Cando o/a interesado/a sexa un suxeito obrigado a relacionarse por medios electrónicos e a Administración tributaria do Concello de Vigo non dispoña de datos de contacto electrónicos para practicar o aviso de posta a disposición, nos procedementos iniciados de oficio, a primeira notificación que efectúe a Administración, organismo ou entidade realizarase en papel na forma determinada polo artigo 42.2 da Lei 39/2015, advertindo ao/á interesado/a nesa primeira notificación que as sucesivas practícaranse en forma electrónica na sede electrónica, e dándolle a coñecer que, de acordo co previsto no artigo 41.1 da Lei 39/2015, pode identificar un dispositivo electrónico, unha dirección de correo electrónico ou ambos para o aviso da posta a disposición das notificacións electrónicas posteriores.

Engádesse o seguinte apartado:

7. De conformidade co artigo 12.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando as persoas interesadas non obrigadas a relacionarse electronicamente coa Administración non dispuxeran dos medios electrónicos necesarios para a súa identificación ou firma electrónica no procedemento administrativo, estas poderán ser realizadas por persoal funcionario da Administración tributaria do Concello de Vigo habilitado mediante o uso do sistema de sinatura electrónica do que dispoña. Para iso, será preciso que a persoa interesada se identifique debidamente ante a persoa funcionaria e preste o seu consentimento expreso para a actuación, do que deberá quedar constancia.

ARTIGO 23.- SUCESORES/AS DE PERSOAS XURÍDICAS E DE ENTIDADES SEN PERSONALIDADE.

1. As obrigas tributarias pendentes das sociedades e entidades con personalidade xurídica disoltas e liquidadas nas que a Lei limita a responsabilidade patrimonial das persoas socias,

partícipes ou cotitulares transmitiranse a estas, que quedarán obrigadas solidariamente ata o límite do valor da cota de liquidación que lles corresponda e demais percepcións patrimoniais recibidas polos mesmos nos dous anos anteriores á data de disolución que minoren o patrimonio social que deba responder destas obrigas. As obrigas tributarias pendentes das sociedades e entidades con personalidade xurídica disoltas e liquidadas nas que a lei non limita a responsabilidade patrimonial das persoas socias, partícipes ou cotitulares transmitiranse integramente a estas, que quedarán obrigadas solidariamente ao seu cumprimento.

ARTIGO 33.- DÉBEDA TRIBUTARIA.

4.

A utilización dos formularios/modelos/impresos normalizados será preceptiva, estando a disposición dos/as contribuíntes na sede electrónica municipal. Se o/a contribuínte non empregara o modelo normalizado correspondente, a administración municipal lle requirirá a súa presentación nun prazo non superior a 10 días. De non terse presentado no prazo indicado, ditarase resolución conforme o artigo 21 da Lei 39/2015, e terase por desistido da súa solicitude.

ARTIGO 67.- FACULTADES DA INSPECCIÓN.

1. *Engádese o seguinte texto:*

Para o acceso aos lugares mencionados no parágrafo anterior das persoas funcionarias da Inspección de Tributos, precisarase dun acordo de entrada da autoridade administrativa que regulamentariamente se determine, salvo que o/a obrigado/a tributario/a ou a persoa baixo cuxa custodia se atopen otorguen o seu consentimento.

2. *Engádese o seguinte texto:*

A solicitude de dita autorización xudicial, que incorporará o acordo de entrada referido no apartado 1, deberá estar debidamente xustificada e motivar a finalidade, necesidade e proporcionalidade da medida.

Tanto a solicitude como a concesión da autorización xudicial poderán practicarse, aun con carácter previo ao inicio formal do correspondente procedemento, sempre que o acordo de entrada conteña a identificación do/a obrigado/a tributario/a, os conceptos e períodos que van ser obxecto de comprobación e se aporten ao órgano xudicial.

ARTIGO 71 - INICIO DO PERÍODO EXECUTIVO

2. A presentación dunha solicitude de aprazamento, fraccionamento ou compensación en período voluntario impedirá o inicio do período executivo durante a tramitación de ditos expedientes.

Non obstante o anterior, as solicitudes ás que se refire o parágrafo anterior así como as solicitudes de suspensión e pago en especie non impedirán o inicio do período executivo cando anteriormente se tivera denegado, respecto da mesma débeda tributaria, outra solicitude previa de aprazamento, fraccionamento, compensación, suspensión ou pago en especie en período voluntario, téndose aberto outro período de pagamento sen que se tivera producido o mesmo.

A interposición dun recurso ou reclamación en tempo e forma contra unha sanción impedirá o inicio do período executivo ata que a sanción sexa firme en vía administrativa e teña finalizado o prazo para efectuar o ingreso en período voluntario.



Concello de Vigo

A declaración de concurso non suspenderá o prazo voluntario de pago das débedas que teñan a cualificación de concursales de acordo co Texto refundido da Lei Concursal, aprobado por Real decreto legislativo 1/2020, de 5 de maio, sen prexuízo de que as actuacións do período executivo se rexan polo disposto en dito Texto refundido.

ARTIGO 79.- CRITERIOS DE GRADACIÓN.

Segundo parágrafo

Igualmente, aplicarase o criterio de acordo ou conformidade do interesado conforme aos artigos 187 e 188 da citada Lei. Este criterio implicará a redución do 65% nas sancións en actas con acordo. En actas con conformidade as reducións poderán ser do 30% mais un 40% sobre a sanción reducida nos termos regulados no citado artigo 188, en actas con conformidade.

DISPOSICIÓN ADICIONAL 1ª:

MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL OU UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL PARA 2022.

Engádesse unha disposición transitoria na ordenanza 30 do seguinte tenor literal:

Pola situación excepcional creada pola pandemia Covid 19 declárase, para o exercicio 2022, a non suxeición á taxas por ocupacións do epígrafe E) "ocupación de terreos do dominio publico local con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa".

DISPOSICIÓN ADICIONAL 2ª

MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA DO LIXO. (16)

Artigo 1. Feito Impoñible

.....

2. Entenderase de recepción obrigatoria o servizo prestado a todas as vivendas, locais e establecementos comerciais, industriais, profesionais ou de outros usos. En consecuencia, todos eles tributan unha cota mínima de dispoñibilidade do servizo en contía igual á tarifa de vivenda. Non se inclúen vivendas nin locais en situación de ruína ou reforma.

.....

Engádesse o apartado seguinte:

4. Non están incluídos na taxa regulada na presente ordenanza os servizos de recollida de animais domésticos mortos. Considéranse, a efectos desta ordenanza, como animais domésticos os alimentados e mantidos e non consumidos polos seres humanos.

Tampouco están incluídos os servizos de recollida de residuos de construción e demolición procedentes de obras menores e reparacións domiciliarias definidos no artigo 2.d) do Real Decreto 105/2008, de 1 de febreiro de produción e xestión dos residuos de construción e demolición.

As taxas que se devindiquen por estes servizos figuran reguladas na Ordenanza Fiscal 20.

Artigo 4. Beneficios fiscais.

1.

.....

1.5 No caso de que o suxeito pasivo sexa unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, ou de protección ou medida cautelar, informe do ministerio fiscal sobre indicios de violencia de xénero, informe dos servizos sociais autonómicos ou locais, así como outras formas de acreditación establecidas na lexislación vixente (LO 1/2004 de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e Lei 11/ 2007 para a prevención e tratamento da violencia de xénero da Comunidade Autónoma) aplicarase a súa renda o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza ou dos demais documentos acreditativos.

4.

.....

De presentarse algunha solicitude de exención entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro, tamén será tramitada, producindo efectos para o exercicio seguinte a aquela no que fora presentada, sen prexuízo do disposto no apartado seguinte.

5. No caso de que con posterioridade á solicitude de exención e antes do 30 de abril do exercicio no que deba producir efectos, houbera cambio de domicilio do conxunto familiar ou cambios nas persoas ocupantes da vivenda obxecto do beneficio fiscal, estes deberán ser comunicados no prazo máximo de 5 días hábiles para continuar a tramitación da solicitude. De non seren comunicados estes cambios, a solicitude non será tramitada ou quedará sen efecto a exención xa concedida.

DISPOSICIÓN ADICIONAL 3ª MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA CONCESIÓN DE LICENZAS DE CONSTRUCIÓNS, OBRAS E INSTALACIÓNS. (50)

Artigo 5. Exencións e Bonificacións.

Engádese o apartado seguinte:

7. Gozaran de exención total as taxas relativas a obras a realizar na vivenda habitual de persoas que pola súa capacidade económica resultaren exentas da taxa de lixo vivenda de conformidade co disposto na ordenanza fiscal nº16.

DISPOSICIÓN ADICIONAL 4ª MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.(5)

Artigo 3. Exencións e Bonificacións.

Engádese o apartado seguinte:

9. Decláranse, “de especial interese ou utilidade municipal” e gozaran dunha bonificación do 95% na cota do imposto de conformidade co artigo 103.2 a) do RDL 2/2004 as obras de reparación, rehabilitación ou reforma a realizar na vivenda habitual de persoas que pola súa capacidade económica resultaren exentas da taxa de lixo vivenda de conformidade co disposto na ordenanza fiscal nº16.

O vixente apartado 9 pasa a ser 10



Concello de Vigo

DISPOSICIÓN ADICIONAL 5ª

MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA. (6)

Artigo 5. Bonificacións

Paragrafo 3º.

Para gozar desta bonificación será preciso formular a solicitude no prazo de declaración do imposto e que o sucesor manteña a adquisición durante os catro anos seguintes ao devengo deste imposto. De non cumprirse este requisito de permanencia, procederá o ingreso do importe da bonificación aplicada cos correspondentes intereses de demora. O suxeito pasivo realizará este ingreso complementario polo procedemento de autoliquidación no prazo dun mes contado dende a transmisión que orixina a perda da bonificación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª

MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS. (4)

Artigo 5. Exencións

1. Están exentos do imposto:

.....

c) Os seguintes suxeitos pasivos:

- As persoas físicas, sexan ou non residentes en territorio español.
- Os suxeitos pasivos do Imposto sobre Sociedades, as Sociedades civís e as entidades do artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral tributaria, que teñan un importe neto da cifra de negocios inferior a 1.000.000 euros.

No relativo ás e aos contribuíntes polo Imposto sobre a Renda de non residentes, a exención só alcanzará aos que operen en España mediante establecemento permanente, sempre que teñan un importe neto da cifra de negocios inferior a 1.000.000 de euros.

A efectos da aplicación da exención prevista nesta letra, teranse en conta as seguintes regras:

1ª. O importe neto da cifra de negocios determinarase de acordo co previsto no apartado 2 do artigo 35 do Código de Comercio.

2ª. O importe neto da cifra de negocios será, no caso dos suxeitos pasivos do Imposto sobre Sociedades ou dos contribuíntes polo Imposto sobre a Renda de non Residentes, o do período impositivo cuxo prazo de presentación de declaracións por ditos tributos oubese finalizado o ano anterior ao de devindicación deste imposto. No caso das sociedades civís e das entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, o importe neto da cifra de negocios será o que corresponda ao penúltimo ano anterior ao de devindicación deste imposto. Se dito período impositivo oubera tido unha duración inferior ao ano natural, o importe neto da cifra de negocios elevarase ao ano.

3ª. Para ó calculo do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo, terase en conta o conxunto das actividades económicas exercidas por el.

Non obstante, cando a entidade forme parte dun grupo de sociedades por concurrir algunha das circunstancias consideradas no apartado 1 do artigo 42 do Código de Comercio como determinantes da existencia de control, con independencia da obriga de consolidación contable, o importe neto da cifra de negocios referirase ao conxunto de entidades pertencentes a dito grupo.

Aos efectos do disposto no parágrafo anterior, entenderase que os casos do artigo 42 do Código de Comercio son os recollidos na sección 1ª do Capítulo I das normas para formulación das contas anuais consolidadas, aprobadas por Real Decreto 1159/2010 de 17 de setembro.

4ª. No suposto dos a das contribuíntes polo imposto sobre a Renda de non residentes, atenderase ao importe neto da cifra de negocios imputable ao conxunto dos establecementos permanentes situados en territorio español.

DISPOSICIÓN ADICIONAL 7ª
MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS DOCUMENTOS QUE EXPIDA OU DE QUE ENTENDA A ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO E DA XERENCIA DE URBANISMO, A INSTANCIA DE PARTE.

Artigo 5.- Base e Cota Tributaria.

Tomarase como base do gravame a natureza dos documentos que se tramitarán conforme coa seguinte tarifa:

1. Certificados relativos ao Padrón Municipal de Habitantes: (*)

(*) (Os servizos automatizados facilitados na Web do Concello serán gratuítos)

- | | |
|--------------------------------|---------|
| a. Dende o ano 1991. | 2,40 € |
| b. Dende data anterior a 1991. | 12,85 € |

DISPOSICIÓN FINAL

As modificacións anteriores entraran en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comenzara a aplicarse o 1 de xaneiro de 2022 permanecendo vixentes en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Someter a ditame do Tribunal económico-administrativo do Concello.

3º) Aprobación provisional en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(754).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE BALEIRADO DE POZOS NEGROS, FOSAS SÉPTICAS, SOLARES E SERVIZOS SIMILARES ASÍ COMO A RECEPCIÓN DE VERTIDOS NON CANALIZADOS NA EDAR (20). EXPTE. 2821/500.

Visto o acordo favorable do Tribunal Económico Administrativo do 13/08/2020 e o informe de fiscalización do 19/08/2020, dáse conta do informe-proposta do 13/08/2020, asinado pola técnica xurídica de Dirección de Ingresos e xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.NORMATIVA APLICABLE:

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante, LPAC).
- Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos.
- Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello.(Directiva marco da Auga)
- Lei 9/2010 de 4 de novembro de Augas de Galicia e Decreto 1/2015, de 15 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento desta Lei.
- Lei 9/2019 de 11 de decembro de medidas de garantía de abastecemento nos episodios de seca e nas solucións de risco sanitario da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 136/2012 de 31 de maio polo que se aproba o Regulamento do canon de auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos depuración de augas residuais.
- Lei 6/2021 de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.
- Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordos plenario de data 4.09.19 aprobouse a última modificación da ordenanza fiscais Nº20 das taxas pola prestación de servizos de baleirado de pozos negros, fosas sépticas, solares e servizos similares así como a recepción de vertidos non canalizados na Edar, que consistiu na incorporación de normas de tipo técnico para a recepción de vertidos non canalizados na Edar.

Segundo.- Con data 3.08.21 o Concelleiro de Orzamentos e Facenda ditou resolución de inicio de expediente de modificación da ordenanza para introducir dous novos servizos

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS.

No presente expediente incorpóranse a esta ordenanza dous feitos impoñibles novos, consistentes na “recollida de animais domésticos mortos” e “recollida de residuos de construción de obras menores domiciliarias”.

O fundamento desta incorporación radica no feito de que, estando o concello obrigado pola Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados a prestar o servizo de recollida domiciliaria de residuos domésticos, existen determinados residuos calificados como domésticos cuxa recollida non é solicitada pola xeneralidade da poboación e, en consecuencia, non deben repercutirse na taxa xeral aplicable polo servizo de recollida domiciliaria de residuos.

Conforme ao anterior, na ordenanza fiscal nº 16 da taxa pola recollida domiciliaria do lixo engádesse a partir do próximo exercicio o seguinte texto que consta no expediente 2814/500:

4. Non están incluídos na taxa regulada na presente ordenanza os servizos de recollida de animais domésticos mortos. Considéranse, a efectos desta ordenanza, como animais domésticos os alimentados e mantidos e non consumidos polos seres humanos. Tampouco están incluídos os servizos de recollida de residuos de construción e demolición procedentes de obras menores e reparacións domiciliarias definidos no artigo 2.d) do Real Decreto 105/2008, de 1 de febreiro de produción e xestión dos residuos de construción e demolición.

As taxas que se devindiquen por estes servizos figuran reguladas na Ordenanza Fiscal nº20.

Inclúense estes servizos no concepto de taxa conforme ao disposto no artigo 20.4 s) do TRLRFL: *Recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación destes, monda de pozos negros e limpeza en rúas particulares.*

A regulación das taxas contidas na presente Ordenanza ten o seu marco legal no disposto nos Artigos 20 a 27 do TRLRFL.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria na partida correspondente do orzamento de ingresos do Concello.

A prestación dos servizos regulados na presente ordenanza, terá escasa incidencia orzamentaria segundo os datos que manexa o servizo de limpeza respecto das posibles solicitudes de recollida tanto de animais domésticos mortos como de sacos de residuos de construción domiciliarios: 4000 euros no caso de recollida de animais e 9.000 euros de residuos de construción na partida 30.602 limpeza de pozos negros que pasaría dunha dotación de 5.000 euros do presente ano 2021 a unha dotación de 18.000 euros.

5. INNECESARIEDADE DO TRÁMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, “cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos



Concello de Vigo

destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública” a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

Segundo informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018: “o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”.

Aínda que formalmente, parecería unha nova ordenanza, substancialmente non o é porque todos os servizos para os que se fixan cotas tributarias constituían xa feitos impositivos nas dúas ordenanzas vixentes e nin sequera as cotas tributarias sofren alteración na súa contía.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 24 de xuño de 2020, «unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

Á vista do anterior, esta Dirección de Ingresos propón á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.-

Aprobar o seguinte Proxecto de Ordenanza Fiscal:

“MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE BALEIRADO DE POZOS NEGROS, FOSAS SÉPTICAS, SOLARES E SERVIZOS SIMILARES ASÍ COMO A RECEPCIÓN DE VERTIDOS NON CANALIZADOS NA EDAR” .

ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE

Engádense dous apartados

- e. Recollida de animais domésticos mortos.
- f. Recollida de residuos de construción de obras menores domiciliarias.

ARTIGO 4.- COTAS

Engádense dous apartados

- 5. Recollida de animais mortos.
 - Por unha unidade 80 €
 - Por dúas unidades no mesmo transporte 130 €



Concello de Vigo

6. Recollida de residuos de construción de obras menores domiciliarias.

| | |
|------------------------------------|-------|
| Por un saco | 95 € |
| Por dous sacos no mesmo transporte | 125 € |
| Por tres sacos no mesmo transporte | 155 € |

DISPOSICIÓN FINAIS.

2ª Esta ordenanza comenza a aplicarse o 1 de xaneiro de 2022, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

3ª Suprímense todas as referencias ao servizo de “Xestión integral de sacos con residuos sólidos urbanos procedentes de pequenas obras de demolición e construción realizadas en domicilios particulares” da ordenanza nº42 reguladora de prezos públicos.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Concellería de Orzamentos e Facenda para a aprobación do correspondente texto refundido.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(755).- PROXECTO DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE MEDIO AMBIENTE E VIDA SAUDABLE (18). EXPTE. 2820/500.

Visto o acordo favorable do Tribunal Económico Administrativo do 13/08/2020 e o informe de fiscalización do 19/08/2020, dáse conta do informe-proposta do 13/08/2020, asinado pola técnica xurídica de Dirección de Ingresos e xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.NORMATIVA APLICABLE:

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT).

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante, LPAC).
- Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos.
- Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de augas
- Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia.
- Real Decreto 140/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.
- Decreto 141/2012, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do Servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia
- Lei 14/1986, de 25 de abril, xeral de sanidade.
- Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia.
- Real Decreto 830/2010, de 25 de xuño, polo que se establece a normativa reguladora da capacitación para realizar tratamentos con biocidas.
- Lei 8/2003, de 24 de abril, de sanidade animal
- Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenencia de animais potencialmente perigosos.
- Real Decreto 287/2002, de 22 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre sobre o réxime xurídico da tenencia de animais potencialmente perigosos.
- Lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordos plenarios de datas 04.09.2014 e 05.09.2018 aprobáronse as últimas modificacións das ordenanza fiscais Nº18 das taxas pola prestación de servizos de inspección sanitaria e os de análise químicas, bacteriolóxicas e calquera outras da mesma natureza e Nº19 das taxas pola prestación dos servizos sanidade preventiva, desinfección, desinsectación, desratización e destrución de calquera clase de materias e produtos contaminantes ou propagadores de xermes nocivos para a saúde pública prestados a domicilio ou por encargo.

Segundo.- Con data 03.08.2021 o Concelleiro de Orzamentos e Facenda ditou resolución de inicio de expediente da presente refundición dos textos anteditos para substitución por unha nova ordenanza de taxa pola prestación de servizos de medio ambiente e vida saudable.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS.

No presente expediente tense elaborado unha ordenanza que refunde as dúas anteriores do Laboratorio e Servizo de Desinfección procedendo a incluír só os feitos impositivos relativos aos servizos que actualmente se prestan a petición de particulares e que devengan a correspondente taxa.

Segundo consta no artigo 1º do texto proposto, constituirán feitos impositivos destas taxas os seguintes servizos que presta o Servizo de Medio Ambiente e Vida Saudable:

- a) Análises de hidroloxía.



Concello de Vigo

- b) Autorización de vertidos non domésticos de augas residuais.
- c) Control de plagas (desinfección, desratización e desinsectación de vivendas e locais).
- d) Desinfección e desinsectación, no seu caso, dos vehículos autotaxis.
- e) Licenzas e inscricións de animais potencialmente perigosos

O artigo segundo determina os suxeitos pasivos e o terceiro os supostos de exención por motivos de escasa capacidade económica conforme o disposto no artigo 24.4 do TRLRFL .

As cotas tributarias recollidas no artigo 4 da ordenanza son idénticas ás vixentes a excepción de dous servizos novos relativos a tramitación de licenzas e inscricións de animais potencialmente perigosos cuxas contías establécense en función dos custes administrativos destes servizos.

Inclúese unha disposición final terceira do seguinte tenor literal:

A presente ordenanza fiscal reguladora das taxas por servizos de medio ambiente e vida saudable substitúe ás vixentes ordenanzas fiscais nº 18 Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas pola prestación de Servizos de inspección sanitaria e os de análises químicas, bacteriolóxicas e calquera outras da mesma natureza e nº 19 Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas pola prestación dos Servizos de sanidade preventiva, desinfección, desinsectación, desratización e destrución de calquera clase de materias e produtos contaminantes ou propagadores de xermes nocivos para a saúde pública prestados a domicilio ou por encargo, que quedan derogadas.

A regulación das taxas contidas na presente Ordenanza ten o seu marco legal no disposto nos Artigos 20 a 27 do TRLRFL.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria na partida correspondente do orzamento de ingresos do Concello.

A prestación dos servizos regulados na presente ordenanza, tendo tarifas idénticas as vixentes nas ordenanzas que se derogan, tampouco implica repercusión orzamentaria na partida 31900 Laboratorio nin na partida 31901 Desinfección. Procede en consecuencia unha previsión de ingresos para 2022 de 17.000 euros como suma das previsións que se veñen consignando nos últimos orzamentos de ingresos para as dúas anteriores: Laboratorio con previsión de 10.00 euros e Desinfección con previsión de 7.000 euros

5. INNECESARIEDADE DO TRÁMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, *“cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos*

destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública” a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

Segundo informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018: “o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”.

Aínda que formalmente, parecería unha nova ordenanza, substancialmente non o é porque todos os servizos para os que se fixan cotas tributarias constituían xa feitos impositivos nas dúas ordenanzas vixentes e nin sequera as cotas tributarias sofren alteración na súa contía.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 24 de xuño de 2020, «unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudo e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.



Concello de Vigo

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

Á vista do anterior, esta Dirección de Ingresos propón á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.-

Aprobar o seguinte Proxecto de Ordenanza Fiscal:

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE MEDIO AMBIENTE E VIDA SAUDABLE “PARA 2022, como refundición das seguintes ordenanzas: Nº 18 e Nº 19

ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE.

Constituirán feitos impositivos destas taxas os seguintes servizos que presta o Servizo de Medio Ambiente e Vida Saudable:

- a) Análises de hidroloxía.
- b) Autorización de vertidos non domésticos de augas residuais.
- c) Control de plagas (desinfección, desratización e desinsectación de vivendas e locais).
- d) Desinfección e desinsectación, no seu caso, dos vehículos autotaxis.
- e) Licenzas e inscricións de animais potencialmente perigosos

ARTIGO 2.- SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos, obrigados ao pagamento destas taxas, as persoas ou entidades que, voluntariamente ou en virtude de disposición legal ou regulamentaria, soliciten e obteñan do Servizo de Medio Ambiente e Vida Saudable as prestacións relacionadas no artigo 1 da presente ordenanza.

ARTIGO 3.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

1) Estarán exentos das taxas reguladas na presente ordenanza, os suxeitos pasivos membros de familias con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a 4.166 € ou inferiores ou iguais a 6.519 euros se se trata de familias numerosas. A titularidade de Bens Inmobles de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.

Para a determinación dos Ingresos Brutos anuais per cápita teranse en conta as seguintes normas:

1.1 O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais de todas as persoas que convivan na vivenda entre o número total daquelas. No caso de persoa cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65%, computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grao de discapacidade estivese entre o 33% e o 65% computarase como 1,5.

1.2 No caso de persoas maiores de 65 anos, aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,50.

1.3 No caso de que o suxeito pasivo desta taxa resida só nunha vivenda aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,55.

1.4 No caso de que se dean simultaneamente as dúas circunstancias referidas nos dous párrafos anteriores, aplicarase o coeficiente 0,35.

1.5 No caso de que o suxeito pasivo sexa unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, ou de protección ou medida cautelar, informe do ministerio fiscal sobre indicios de violencia de xénero, informe dos servizos sociais autonómicos ou locais, así como outras formas de acreditación establecidas na lexislación vixente (LO 1/2004 de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e Lei 11/ 2007 para a prevención e tratamento da violencia de xénero da Comunidade Autónoma) aplicarase a súa renda o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza ou dos demais documentos acreditativos

1.6 No caso de que o suxeito pasivo sexa un/a titor/a monoparental, único/a perceptor/a de ingresos e os fillos/as non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicarase ao seus ingresos brutos o coeficiente 0,55. Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os/as fillos/as percibiran prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e orfandade.

1.7 No caso de persoas que tendo cargas familiares, levasen en situación de desemprego mais de 22 meses ininterrompidos, aplicarase aos seus ingresos brutos un coeficiente do 0,50. O computo dos 22 meses para a aplicación dese coeficiente iniciarase ao un xanerio do ano anterior ao da solicitude

1.8 No caso de persoas en situación de "dependencia en calquera dos seus graos", aplicarase aos seus ingresos un coeficiente do 0,50.



Concello de Vigo

1.9 No caso das persoas dependentes do apartado 1.8 que fosen maiores de 65 anos aplícarase un coeficiente do 0,35.

1.10 No caso de persoas dependentes do apartado 1.8 que fosen maiores de 65 anos e residan soas aplicarase un coeficiente do 0,30.

ARTIGO 4.- COTAS.

A) HIDROLOXÍA

Euros

1. Análise auga de consumo non tratada, incluíndo pH, conductividade, turbiedade, nitritos, nitratos, amonio, oxidabilidade ao permanganato, Bacterias Coliformes, Escherichia Coli β -Glucuronidasa +, Enterocos intestinais 26,05 €

2. Análise auga de consumo tratada, incluíndo pH, conductividade, turbiedade, nitritos, nitratos, amonio, oxidabilidade ao permanganato, cloro libre, 1 metal a elexir entre cobre, ferro, cromo, níquel ou chumbo, Bacterias Coliformes, Escherichia Coli β -Glucuronidasa +, Enterocos intestinais 54,20 €

3. Análise auga envasada, incluíndo pH, conductividade, turbiedade, nitritos, nitratos, amonio, residuo seco a 180°C, fluoruros, Escherichia coli, Enterocos intestinais, Pseudomonas aeruginosa, Reconto de colonias a 22°C, Reconto de colonias a 36°C, Anaerobios sulfito reductores esporulados 51,45 €

4. Análise auga de piscinas, incluíndo pH, turbiedade, cloro libre residual, cloro combinado residual, potencial REDOX, Escherichia Coli β -Glucuronidasa+, Pseudomonas aeruginosa 67,50 €

5. Análise de potabilidade naquelas áreas da vila nas que non exista rede municipal de abastecemento domiciliario de auga potable. 1,80 €

6. Análise de potabilidade microbiolóxica :Bacterias Coliformes, Escherichia Coli β -Glucuronidasa +, Enterocos intestinais . 24,10 €

7. Análise de parámetros microbiolóxicos individuais en augas de consumo: Reconto de colonias a 22°, Clostridium perfringens 8,10 €

8. Análise de parámetros físico-químicos individuais en augas de consumo: pH, conductividade, turbiedade, cor, nitritos, nitratos, amonio, fluoruros, sulfatos 6,15 €

9. Determinación cuantitativa de metais por espectrofotometría de absorción atómica de llama (calcio, magnesio, cobre ou ferro), cámara de grafito (ferro, cromo, níquel, chumbo, manganeso, aluminio, arsénico, antimonio ou cadmio), emisión atómica (sodio ou potasio), vapor frío (mercurio) 36,55 €

B) TRAMITACIÓN DE AUTORIZACIÓN DE VERTIDOS NON DOMÉSTICOS
DE AUGAS RESIDUAIS: 234,00 €

C) CONTROL DE PLAGAS.

As tarifas destas taxas serán as seguintes:

DESINSECTACION

1. Por cada actuación nunha vivenda ou local;
polos primeiros 25 m2. 25,20 €
2. Por cada m2 a maiores 0,65 €

DESRATIZACIÓN

1. Por cada actuación nunha vivenda ou local;
polos primeiros 50 m2. 25,20 €
2. Por cada 50 m2 a maiores 6,65 €

DESINFECCIÓN

1. Por cada actuación nunha vivenda ou local;
polos primeiros 25 m2. 25,20 €
2. Por cada m2 a maiores 0,65 €

D) VEHÍCULOS

Por desinfección de vehículo. 9,90 €

A prestación de servizos realizados fóra do horario normal de traballo sufrirá un recargo do 50% sobre as tarifas sinaladas.

E) LICENZA E INSCRIPCIÓN DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS

Licenza 60€
Inscripción 30€

ARTIGO 5.- DEVENGO E INGRESO.

1. As taxas reguladas nesta Ordenanza devengarase no momento da solicitude do servizo.
2. O pagamento das taxas deberá realizarse con carácter previo á entrega de resultados ou realización dos servizos solicitados.

ARTIGO 6.- NORMAS ADICIONAIS.

1. A prestación dos servizos regulados nesta Ordenanza haberán de solicitarse a través do Rexistro electrónico; ademais no caso de solicitudes particulares de análises de augas poderá realizarse presencialmente no Laboratorio Municipal; e os relativos á plagas na Oficina de Asistencia en materia de Rexistros.

ARTIGO 7.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En materia de infraccións tributarias desta Ordenanza así como a súa cualificación e as sancións correspondentes será de aplicación a Ordenanza Fiscal Xeral, Lei Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.



Concello de Vigo

DISPOSICIÓN FINAIS.

1ª.- No non previsto na presente Ordenanza Fiscal será de aplicación a Ordenanza Fiscal Xeral, Lei 58/2003 Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

2ª. Esta Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do 2022, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación

3ª. A presente ordenanza fiscal reguladora das taxas por servizos de medio ambiente e vida saudable substitúe ás vixentes ordenanzas fiscais nº 18 Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas pola prestación de Servizos de inspección sanitaria e os de análises químicas, bacteriolóxicas e calquera outras da mesma natureza e nº 19 Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas pola prestación dos Servizos de sanidade preventiva, desinfección, desinsectación, desratización e destrución de calquera clase de materias e produtos contaminantes ou propagadores de xermes nocivos para a saúde pública prestados a domicilio ou por encargo.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

b) Facúltase á Concellería de Orzamentos e Facenda para a aprobación do correspondente texto refundido.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(756).- PRIMEIRO PAGO DAS DIETAS ESTABLECIDAS POR ASISTENCIAS DOS REPRESENTANTES MUNICIPAIS ÁS SESIÓN DOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO, NO PERÍODO XANEIRO A XULLO DE 2021. EXPTE. 25336/332.

Visto o informe de fiscalización do 18/08/21, dáse conta do informe-proposta do 13/08/21, asinado pola xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Educación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Favenda, que di o seguinte:

Consonte co establecido na lexislación educativa vixente, Lei Orgánica 3/2020. de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación (LOMLOE publicada no BOE Nº 340 do 30/12/2020), preténdese no seo dos Consellos Escolares promover unha mellora da capacidade da participación efectiva e eficaz da Comunidade Educativa e recóllese no seu artigo 127.i) que unha das competencias do Consello Escolar do centro pasa a ser a seguinte: "Promover progresivamente a conservación e renovación das instalacións e equipo escolar para a mellora da calidade e sustentabilidade ...". Igualmente os

Concellos deben asumir a xestión e execución das competencias e funcións que a lexislación vixente, recoñece ás corporacións locais como responsabilidade de obrigado cumprimento no ámbito da Educación, e segundo o artigo 25.2.n) da Lei 7/1985 LRBRL teñen como competencia propia e responsabilidade legal a conservación, mantemento e vixianza dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación ...”

Por outra banda, a Lei Orgánica da Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) (BOE nº 295 martes 10/décembro/2013) que modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, recolle no seu artigo 126.1.c) que entre os membros que componen o Consello Escolar estará un Concelleiro/a ou representante do Concello do termo municipal onde esté radicado o centro.

En aras de cumprir esta obriga municipal e segundo acordo da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 23 de decembro de 2020, aprobouse entre outros, o nomeamento de Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público de Educación Infantil, Primaria e Secundaria para o ano 2021 (Expte 24723/332), e a autorización para que perciban en concepto de asistencias efectivas a cada sesión do órgano colexiado a dieta de 39,78.-€ (TRINTA E NOVE CON SETENTA E OITO EUROS), para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos A e B; e a dieta de 36,72.-€ (TRINTA E SEIS CON SETENTA E DOUS EUROS) para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos C e D; cantidades homologadas por asistencia e participación en tribunais de oposicións, concursos, ou outros órganos encargados da selección de persoal, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo.

O referido R.D. recolle nos seus artigos 1.d) / 7.1.a) / 28.1 que : “Darán orixe a indemnización ou compensación as asistencias pola concurrencia, persoal ou por representación, as reunións de Órganos Colexiados da Administración, de Órganos de Administración de Órganos Públicos...”

Tal é o caso dos Consellos Escolares dos Centros Públicos, como Órgano Colexiado de Goberno dos centros de ensino público que dependen da Admón. Educativa Competente, neste caso a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, e que permiten participar na xestión dos centros aos distintos membros da comunidade escolar, ademais de constituir a canle para o control e xestión dos fondos públicos.

Tamén recolle no seu artigo 2e) que : “O presente R.D. será de aplicación para o persoal ao servizo das Corporacións Locais, tal e como prevé a súa lexislación específica”.

Contabilizadas as asistencias ós Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público, aportadas polos diferentes representantes municipais, dende o **19 de xaneiro ate o 16 de xullo dos correntes**, elévanse á cantidade de **181 consellos escolares**.

Na documentación que acompaña a este expediente, adxúntanse ademais dos xustificantes de asistencia expedidos polos centros de ensino, cada unha das fichas correspondentes ás sesións dos Consellos Escolares desenvolvidas polos representantes municipais, que con posterioridade quedarán arquivadas para a súa pertinente consulta nas dependencias do Servizo de Educación.



Concello de Vigo

Asemade, e a efectos de cómputo, de cada representante municipal relacionase cronoloxicamente a data de asistencia da primeira e última sesión do consello escolar por cada un deles efectuada.

A competencia para acordar o pago das dietas establecidas por asistencias dos representantes municipais ás sesións dos Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público, no periodo xaneiro a xullo de 2021, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecido no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

PROPOSTA:

Por todo o anteriormente exposto, solicítase á Xunta de Goberno Local o seguinte:

“Aproba-la cantidade de **6.839,10.-€** en concepto de asistencias ás sesións dos Consellos Escolares no periodo xaneiro a xullo de 2021, con cargo á **Partida Presupostaria 3230.233.00.00 dietas asistencia consellos escolares**, e desglosadas entre os representantes municipais do seguinte xeito:

| | | |
|--|---------------------|------------|
| Zona 1.- PEDRO MARÍA VÁZQUEZ IGLESIAS, NIF: ****4805, GRUPO A2 (25/01/2021 - 30/06/2021) | 35 X 39,78.-€ | 1.392,3.-€ |
| Zona 2.- MARIA JOSE LOUREIRO BADA, NIF: ****0259, GRUPO A1 (02/03/2021 - 25/05/2021) | 3 X 39,78.-€ | 119,34.-€ |
| Zona 3.- ROSA MARÍA TORRES BOUZAS, NIF: ****9300, GRUPO C1 (18/02/2021 – 21/04/2021) | 7 X 36,72.-€ | 257,04.-€ |
| Zona 4.- IGNACIO OJEA PÉREZ, NIF: ****6809, GRUPO A1 (28/01/2021 - 30/06/2021) | 14 X 39,78.-€ | 556,92.-€ |
| Zona 6.- ROCÍO BRUZON ALCAÑIZ, NIF: ****8643, GRUPO C1 (26/01/2021 - 30/06/2021) | 17 X 36,72.-€ | 624,24.-€ |
| Zona 7.- ÁNGELES LANDÍN LORENZO, NIF: ****1654 GRUPO C1 (26/01/2021 - 30/06/2020) | 14 X 36,72.-€ | 514,08.-€ |
| Zona 8.- MARÍA I. BILBAO ECHEGARAY, NIF: ****4812, GRUPO C1 (26/01/2021 – 16/07/2021) | 20 X 36,72.-€ | 734,40.-€ |
| Zona 10.- MARIA RITA RIELO FRANCO, NIF: ****7074, GRUPO C1 (26/01/2021 - 08/07/2021) | 22 X 36,72.-€ | 807,84.-€ |
| Zona 11.- YOLANDA FAJIN TORRES, NIF: ****7554, GRUPO A2 (25/01/2021 - 30/06/2021) | 11 X 39,78.-€ | 437,58.-€ |
| Zona 13.- MARIA GABRIELA ROMERO BANDEIRA, NIF: ****5364, GRUPO C1 (19/01/2021 - 30/06/2020) | 20 X 36,72.-€ | 734,4.-€ |

Zona 14.- IRIA MARÍA ÁLVAREZ CANELLA, NIF: ****2591, GRUPO C2
(26/01/2021 - 30/06/2021) 12 X 36,72.-€ 440,64.-€

Zona 15.- JOSÉ ANTONIO FRANCO REZA, NIF: ****7780, GRUPO C2
(26/01/2021 - 03/06/2021) 6 X 36,72.-€ 220,32.-€

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(757).- PROXECTO DE CONVENIO COA UNIÓN COMARCAL CIG DE VIGO PARA COLABORAR NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA SERVIZO DE ATENCIÓN CIDADÁ, SERVIZO TÉCNICO DE IGUALDADE E XORNADAS FORMATIVAS 2021. EXPTE. 18207/77.

Visto o informe xurídico do 5/08/2021, e o informe de fiscalización do 20/08/21, dáse conta do informe-proposta de data 03/08/21, asinado pola técnica de xestión (instrución do 27/07/21), o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.D. Alberto Gonçalves Herrero, con DNI 36050811J, en calidade de Secretario Comarcal da Unión Comarcal de Vigo da CIG, solicita, mediante escrito remitido en data 13/05/2021 a través do Rexistro Electrónico do Concello de Vigo (documento núm. 210084146) a colaboración do Concello de Vigo para a subscrición dun convenio para o desenvolvemento do "Programa Servizo de atención cidadá servizo técnico de igualdade e xornadas formativas", no ano 2021 a colaboración do Concello de Vigo para a subscrición dun convenio para o desenvolvemento do programa, achegando a seguinte documentación complementaria:

- certificado de titularidade da conta bancaria.
- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Estatal Tributaria expedido en data 24/05/2021.
- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Tributaria de Galicia expedido en data 27/05/2021.
- certificación de estar ao corrente das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social expedido en data 24/05/2021.
- declaración xurada de que a entidade non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 10 da Lei de Subvencións de Galicia; e de que a entidade non se atopa en ningunha das situacións indicadas no art. 34 da Lei Xeral de Subvencións e art. 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia, que lle impidan a percepción do pago anticipado.
- declaración responsable das axudas recibidas para o programa.
- orzamento de gastos do proxecto (01-01-2021 – 30-09-2021)
- memoria do Programa _Servizo de atención cidadá, servizo técnico de igualdade e xornada formativa.



Concello de Vigo

II. A devandita entidade consta inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co nº 489-96, no epígrafe 5.1.

III. Nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo, consta a partida 2410 4800002 "Convenio CIG Fomento do Emprego", por importe de 37.000,00 €.

IV. En data 26/05/2021 o concelleiro delegado de Emprego asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

V. A petición do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, expídese certificación de data 28/05/2021 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas ou sancións de natureza tributaria co Concello de Vigo.

VI. A xefa de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local,co conforme do concelleiro delegado de Cultura e Emprego asinou a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Obxecto:

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á "Unión Comarcal CIG de Vigo" no marco do plan municipal de emprego, mediante o desenvolvemento do Programa "Servizo de atención cidadá_Servizo técnico de igualdade e xornadas formativas", no ano 2021.

II. Procedemento de concesión directa:

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) e c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.5.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2020, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a Unión Comarcal CIG de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

A vixencia do convenio será dende a sinatura do convenio ata o 31/12/2021.

III. Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes:

Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura e Emprego.

Pola outra parte, asinará o convenio don D. Alberto Gonçalves Herrero, con DNI 36050811J en calidade de Secretario de Organización e Administración da Comisión Executiva da CIG de Vigo, con CIF: G-36706927, segundo resultou acreditado no expediente.

IV. Competencia administrativa na que se fundamenta a actuación da Administración Pública:

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG.

Na memoria consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

O fomento do emprego ten a consideración de actividade prioritaria dentro desta Administración municipal, segundo o acordado pola Xunta de Goberno Local en data 09/03/2012, en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin a *continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*. A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello o disposto segundo as letras k) e p) do artigo



Concello de Vigo

80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L. 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

O fomento do emprego constitúe un obxectivo prioritario das políticas públicas, especialmente necesario no actual contexto, atendendo ás graves repercusións económicas e sociais provocadas pola situación de crise sanitaria xerada polo COVID-19.

IV. Contía total e crédito orzamentario:

O importe do convenio solicitado de 37.000,00 € imputaranse con cargo á partida 2410 4800002 “Convenio CIG Fomento do Emprego”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2020, co obxecto de coadruar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas, tendo en conta o prazo de execución do proxecto (01/01/2021 ao 30/09/2021).

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

V. Normativa de aplicación:

A tenor do disposto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto

na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Xa que logo, resulta de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado de réxime xurídico do sector público, en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2021, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VI. Prazo e forma de xustificación da subvención mediante tramitación electrónica:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a entidade está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

VII. Publicidade:

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.



Concello de Vigo

VIII. Órgano competente:

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local o *desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal*.

IX. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido dos informes de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 17/08/2020, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

- 1) Acordar a tramitación do presente procedemento administrativo para a tramitación do "convenio CIG co Concello de Vigo" nº 18207-77.
- 2) Aprobar o texto do convenio que se xunta ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a "Unión Comarcal CIG de Vigo, con CIF: G-36706927 no marco do plan municipal de emprego, para o desenvolvemento do Programa "Servizo de atención cidadá_Servizo técnico de igualdade e xornadas formativas diversas", no ano 2021
- 3) Autorizar o gasto de **37.000,00 €**, como contrapartida do estipulado no presente convenio de colaboración, con cargo á partida 2410 4800002 "Convenio CIG Fomento do Emprego", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2021.
- 4) Facultar ao Concelleiro de Cultura e Emprego, Abel Fermín Losada Álvarez, para asinar o citado convenio.

5) Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A " UNIÓN COMARCAL DE VIGO DA CONFE -
DERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG-Vigo) " PARA COLABORAR NO DESENVOLVE -
MENTO DO PROGRAMA SERVIZO DE ATENCIÓN CIDADÁ SERVIZO TÉCNICO DE IGUAL -
DADE NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO. (EXPTE. 18207/77)

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil vinteun

REUNIDOS

Dunha parte, don Abel Fermín Losada Álvarez, na súa calidade de Concelleiro delegado de Cultura e Emprego do Concello de Vigo (CIF P3605700H), con enderezo na Praza do Rei núm. 1 de Vigo.

Doutra parte, D. Alberto Gonçalves Herrero, con DNI 36050811J, en representación da Unión Comarcal da CIG. de Vigo (CIF: G-36706927) e domicilio social na Rúa Gregorio Espino 47-Ent., de Vigo, segundo documentación incorporada ao expte. 18207/77, persoa responsable da sinatura do presente convenio.

E, actuando dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecendo reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio.

MANIFESTAN

PRIMEIRO: Que de acordo coas resolucións de delegacións de competencias do 17/08/2020, lle corresponden ao concelleiro da área de Cultura e Emprego, entre outras, o deseño e dirección das políticas activas de emprego, fundamentalmente as relacionadas coa mellora da empregabilidade cara a fomentar a adaptación das persoas traballadoras, impulsar e dirixir os Pactos Lo-



Concello de Vigo

cais polo Emprego e en materia de relación cos sindicatos, actuar como interlocutor coas diferentes entidades sindicais, fomentando o diálogo aberto e escoita activa así como a procura de acordos nos aspectos con maior impacto socio económico na cidade, así como, a planificación e execución das políticas públicas municipais en materia social e relacións laborais, adecuadas ao actual contexto socioeconómico.

SEGUNDO: Que unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias a *continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin a *continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e *moi especialmente nos anos 2014 e 2015 mediante a sinatura de convenios coa **UNIÓN COMARCAL CIG DE VIGO***, para o axuda ao financiamento das actividades da entidade.

Neste marco normativo, cómpre subliñar que a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*. A este respecto, cómpre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello o disposto segundo as letras k) e p) do artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L. 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

O fomento do emprego constitúe un obxectivo prioritario das políticas públicas, especialmente necesario no actual contexto, atendendo ás graves repercusións económicas e sociais provocadas pola situación de crise sanitaria xerada polo COVID-19.

Ante as novas necesidades xurdidas da crise sanitaria e as súas repercusións no ámbito sociolaboral, que provocaron cifras históricas de destrución de emprego, e tamén, dentro das medidas de fomento do emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sociais, e empresariais mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, as cales redundan no beneficio da cidade.

TERCEIRO: Que a CIG é unha organización sindical maioritaria, en número de representantes sindicais, do seu ámbito territorial, e posúe unha acreditada experiencia no deseño e execución, con éxito, de diversos proxectos en cooperación con entidades e administracións públicas.

Segundo contempla o art. 6 do Título I dos seus Estatutos confederais, é unha organización sindical de traballadores/as galegas, con obxectivos sociais como a profundización democrática e social, o pleno exercicio de todos os dereitos humanos e o impulso da participación sociopolítica, entre outros.

Deste xeito, co obxecto de contribuír á consecución dos fins públicos obxecto de protección, a través de fórmulas de colaboración con axentes sociais de ampla representatividade, dáse trámite ao procedemento de “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Unión Comarcal da CIG, para colaborar no desenvolvemento de accións de carácter sociolaboral de interese para a cidadanía no marco do fomento do emprego”:

MANIFESTAN

I.- Que a Unión Comarcal de CIG de Vigo, conforme á proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo o pasado día 13/05/2021, a través dos documento con número de rexistro de entrada 210084146 ten por obxecto a organización das seguintes accións de carácter sociolaboral de interese para a cidadanía no marco do fomento do emprego:

- ✓ Desenvolver un servizo de atención xeral ao público e realizar xornadas formativas enfocadas a reactivación industrial.
- ✓ Reforzar a actividade do servizo técnico de igualdade do sindicato.
- ✓ Servizo de atención cidadá. Atención telefónica solicitude información de eido económico, laboral, social e de todos os programas de fomento de emprego das diferentes administracións.
- ✓ Servizo técnico de igualdade. Atendido por unha Técnica de Igualdade, centra a súa actividade en tres eixos:
 - Asesoramento, acompañamento, denuncia e mediación de carácter individualizado a mulleres traballadoras, en materia de igualdade oportunidades, acoso sexual ou conciliación.
 - Asesorar e acompañar en materia de negociación colectiva, para a introdución da perspectiva de xénero nos convenios e a elaboración e negociación de plans de igualdade nas empresas.
 - Realizar accións de carácter divulgativos e formativo as persoas representantes do persoal nas empresas en materia de igualdade. Necesidade de reforzar pola crise da COVID-19.
- ✓ Xornada formativa: Contribuír á divulgación formativa en temas de carácter sociolaboral, de interese para a maioría social e tamén que permitan achegar recursos e ferramentas para o activismo social e sindical.
 - Alternativas para a reactivación industrial.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á Unión Comarcal CIG de Vigo, a condición de participe na súa contribución na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son



Concello de Vigo

propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a melloira da igualdade no emprego contribuiría favorablemente no eido laboral da cidade.

III.- Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo.

Estas circunstancias así como a presenza que ten a Unión Comarcal de CIG de Vigo entre o tecido económico e laboral, e a existencia dunha partida nominativa nos orzamentos do Concello de 2021, para o desenvolvemento dun convenio coa CIG para o fomento do emprego, xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, os intervincentes conclúen o presente convenio co fin de regular os termos da concesión da devandita axuda, co obxecto de desenvolver un proxecto para axudar ás persoas máis vulnerables, especialmente necesario nas actuais circunstancias, atendendo ás graves repercusións económicas e sociais provocadas pola situación de crise sanitaria xerada polo COVID-19.

V.- Que a Unión Comarcal de CIG de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Unión Comarcal CIG de Vigo, o Concello de Vigo e a dita organización sindical conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Unión Comarcal de CIG de Vigo comprométese a colaborar coa Concellaría de Cultura e Emprego do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego entre a cidadanía viguesa, e a levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente:

1. Desenvolver un servizo de atención cidadá, de información xeral ao público..
 2. Reforzar a actividade do servizo técnico de igualdade do sindicato.
- Asesoramento, acompañamento, denuncia e mediación de carácter individualizado a mulleres traballadoras, en materia de igualdade oportunidades, acoso sexual ou conciliación.
 - Asesorar e acompañar en materia de negociación colectiva, para a introdución da perspectiva de xénero nos convenios e a elaboración e negociación de plans de igualdade nas empresas.
 - Realizar accións de carácter divulgativos e formativo as persoas representantes do persoal nas empresas en materia de igualdade. Necesidade de reforzar pola crise da COVID-19.

3. Xornada formativa: Contribuir á divulgación formativa en temas de carácter sociolaboral, de interese para a maioría social e tamén que permitan achegar recursos e ferramentas para o activismo social e sindical.
 - Alternativas para a reactivación industrial.

4. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Cultura e Emprego, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicárase cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.

5. No emprazamento das accións e na páxina inicial da web da entidade deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

6. Calquera edición, roupa de traballo e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio realizaranse no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellaría de Cultura e Emprego- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.

7. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

8. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

9. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

10. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
2. Respetar a estrutura organizativa da Unión Comarcal de CIG de Vigo.
3. Conceder directamente á Unión Comarcal de CIG de Vigo unha subvención por importe de 37.000,00 € que corresponden aos custos salariais e de seguridade social do persoal asignado ao proxecto, material de oficina e gastos de organización de xornada, necesarios para o desenvolvemento do convenio, con cargo á partida 2410 4800002 “Convenio CIG Fomento do Emprego”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de contratación de persoal, xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta axuda será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade obxecto do convenio. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.



Concello de Vigo

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, a entidade presentará declaración responsable de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

Quinto.- Se o custe total da actividade resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade conveniada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada obxecto do convenio.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade. A devandita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

–A información, especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.

–En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

–A entidade beneficiaria someterá á conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Cultura e Emprego.

Oitavo.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Noveno.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

Décimo.- O pagamento da subvención realizarase logo de que a beneficiaria xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Unión Comarcal da CIG de Vigo* mediante a presentación dunha memoria final, coa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para chegar esta xustificación finalizará o **16 de novembro de 2021**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electronicamente

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=g.a>.

A tal efecto deberá achegar a conta xustificativa da subvención outorgada que conterá a seguinte documentación e información:

Unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual. Indicaranse as actividades realizadas e os resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte documentación: denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado; datas e lugar de celebración; colectivo afectado, nº de beneficiarios e programación desenvolvida; nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes; actuacións realizadas; exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.



Concello de Vigo

A memoria económica da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos á que se xuntarán as **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente** e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente. Reflectiranse nunha táboa todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias asinadas electronicamente, indicando o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto (achegarse, a tal efecto, unha declaración responsable da entidade de non dedución do IVE ou o acordo de exención do IVE) e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro de 2021 ao 30 de setembro de 2021.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Cultura e Emprego. A xefa do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade obxecto da subvención.

Décimo cuarto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura e Emprego e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG, nos casos:

1. Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da axuda.

2. Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.
3. Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado sétimo do convenio.
4. Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
5. Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da axuda.
6. Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, distintos dos anteriores, cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Cando o incumprimento da actividade obxecto do convenio se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da convenio, procederá o reintegro da axuda na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da axuda sobre o custo da actividade obxecto do convenio.

Décimo sexto- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento, para a súa apreciación e imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.



Concello de Vigo

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Décimo oitavo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Unión Comarcal da CIG de Vigo no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo noveno.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Vixésimo.- O período de vixencia do convenio remata o 31 de decembro de 2021.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo,
_____ de 2021

| | |
|---|---|
| Concelleiro delegado de Cultura e Emprego | Secretaria Xeral da "Unión Comarcal de CIG DE VIGO" |
| Abel Fermín Losada Álvarez | D. Alberto Gonçalves Herrero |

8(758).- MODIFICACIÓN DO CONVENIO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA DESENVOLVEMENTO DA FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL (MINDTECH-2021). EXPTE. 18223/77.

Visto o informe-xurídico e o informe de fiscalización do 23/08/21, dáse conta do informe-proposta do 23/08/2021, asinado pola técnica de xestión (instrución do 27/07/21) o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local o 29 de xullo de 2021 visto o informe xurídico do 16/07/2021 e o informe de fiscalización do 23/07/202 acordou aprobar a proposta do informe da técnica de xestión de Desenvolvemento Local e Emprego (por ausencia da xefatura do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local) conformada polos concelleiros delegados de Cultura e Emprego e de Orzamentos e Facenda nos seguintes termos:

“Primeiro.- Aprobar o convenio entre o Concello de Vigo e a Deputación provincial de Pontevedra para a promoción das industrias do sector do metal e a súa importancia laboral, social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración Feira Internacional das tecnoloxías do Metal (Mindtech-2021)”, transcrito no Anexo do presente expediente.

Segundo.- Solicitar da Deputación provincial de Pontevedra a aprobación e subscrición do convenio que se anexa para a promoción das industrias do sector do metal e a súa importancia social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración Feira Internacional das tecnoloxías do Metal (Mindtech-2021)”.

Terceiro.- Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo.

Cuarto.- Remitir o convenio unha vez asinado á Secretaría do Goberno Local, aos efectos de publicidade.”

II. O 12 de agosto de 2021 remitiuse o expediente a Deputación Provincial solicitando a aprobación e subscrición do convenio, propoñendo os seus técnicos a incorporación dunha serie de modificacións no texto de convenio proposto que se inclúen, solicitando de novo a súa aprobación.

As modificacións propostas no texto do convenio imítanse as seguintes:

- Elimínase na parte expositiva as referencias a un Protocolo de Colaboración do 20 de novembro de 2015 por non estar vixente na actualidade.
- Corríxense as referencias a “Primeira Feira do Metal” que quedaran nalgunhas partes do texto do convenio, posto que a Feira do 2021 é a segunda que se celebra.
- Asemade modifícase a aplicación orzamentaria da Deputación de Pontevedra que neste caso é a relativa ao ano 2021.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Lei de administración local de Galicia, 5/1997, do 22 de xullo (LALG)
- Ley 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS)
- RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- D 11/2009 de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia (RLSG)
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Bases de execución orzamento Concello De Vigo 2021.

II.- Obxecto do convenio:

É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións para a promoción da industria tecnolóxica do metal local e a súa importancia laboral, social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración os días 14,15 e 16 de setembro de 2021 da Feira Internacional das tecnoloxías do Metal (Mindtech-2021), na procura do cumprimento dos obxectivos que reflicte a memoria xustificativa, relacionados coa promoción do emprego e o apoio ás iniciativas de promoción turística.

III. Interese público a satisfacer e expresión das competencias implicadas:

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG.

Na memoria consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Tanto na memoria xustificativa coma no texto do convenio explíctase o título da competencia municipal no artigo 25.2.h) e i) da LRBRL, nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, que atribúe aos concellos competencias en materia de promoción da actividade turística de interese e ámbito local e de feiras.

O convenio reflicte que unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral, así como o fomento e dinamización empresarial do sector mediante a realización de feiras internacionais que permitan unha mellor dinamización do mesmo cara á creación de emprego estable e de calidade, procurando que os custes de colaboración sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións. Á vista desta situación a "Asociación de Industriais Metalúrgicos de Galicia, ASIME", propón a celebración deste evento, que se presenta coma unha gran oportunidade para potenciar o emprego nas empresas do sector e do turismo en Vigo e nas Rías Baixas.

O fomento do emprego ten a consideración de actividade prioritaria dentro desta Administración municipal, segundo o acordado pola Xunta de Goberno Local en data 09/03/2012, en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

As actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose nesta concellaría dende o ano 2013, mediante a sinatura de convenios de colaboración con entidades cuxa finalidade é a dinamización empresarial, para a consolidación empresarial e o fomento das contratacións de persoas desempregadas que lles permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento das súas actividades profesionais, polo que con fundamento no artigo 3.3.b) da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, non se considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

O concello de Vigo, como instrumentador de políticas de emprego, conta para esta iniciativa coa colaboración da Deputación de Pontevedra.

Pola súa banda, a vixente lexislación en materia de réxime local, encomenda no artigo 31 LRBRL ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no artigo 36 LRBRL como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos.

III. Convenio:

O artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP) dispoñen que os convenios constitúen o instrumento axeitado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.

O artigo 48 da LRXSP habilita ás Administracións Públicas para celebrar convenios con persoas tanto de dereito público coma privado.

No que atinxe á Administración local, o artigo 57 LRBRL dispón que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as Administración do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común, se desenvolverá con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar en todo caso, mediante os consorcios e convenios administrativos que se asinen.



Concello de Vigo

Deste xeito, o artigo 194 da LALG establece que as relacións de colaboración e cooperación económica, técnica e administrativa entre as entidades locais galegas desenvolveráse con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, dispoñendo o artigo 198 da LALG que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, coordinando así as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, distribuír as subvencións outorgadas por unha delas con referencia ao ámbito territorial ou poboación doutra, executar puntualmente obras ou servizos da competencia dunha das partes, compartir as sedes, locais ou edificios que sexan precisos para o desenvolvemento de competencias concorrentes, ceder e aceptar a cesión de uso dos bens patrimoniais, desenvolver actividades de carácter prestacional e adoptar as medidas oportunas para alcanzar calquera outra finalidade de contido análogo ás anteriores. E o apartado 3 do citado artigo dispón que as deputacións provinciais poderán subscribir, con todos ou algún dos concellos da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ao conxunto dos servizos municipais e á maior eficacia na prestación destes.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio a través do cal se canalicen estas subvencións establecerá as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na lei.

Os convenios están excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, nos termos e condicións do disposto no seu artigo 6.

- Contido e tramitación:

O artigo 49 da LRXSP e o artigo 199 da LALG establecen o contido e especificacións que deberán conter os convenios.

O convenio a asinar estrutúrase nunha parte expositiva e outra dispositiva de once cláusulas. A parte expositiva dá conta das razóns de conveniencia e oportunidade que xustifican a sinatura do documento, e recolle as competencias das entidades asinantes, os antecedentes e os obxectivos que se queren acadar coa súa sinatura.

De xeito sucinto, a parte dispositiva do convenio regula o obxecto do pacto e o seu financiamento (cláusulas segunda e terceira), que se concreta no establecemento das bases para a colaboración técnica e económica entre a Deputación provincial e o Concello para a organización do evento, que se obrigan a sufragar o custo das prestacións obxecto da contratación ata a cantidade máxima de 100.000 € incluído o IVE, achegando 45.000 € a Deputación de Pontevedra e 55.000 € o Concello de Vigo. Recolle tamén os compromisos das partes asinantes (cláusulas cuarta e quinta) entre os que se regula o réxime de xustificación da subvención outorgada pola Deputación, a obriga da publicidade do convenio (cláusula sexta) e a compatibilidade con outras axudas e subvencións que poidan recibirse (cláusula sétima). O convenio reflicte tamén, a constitución dunha comisión de seguimento, entrada en vigor e vixencia, causas de extinción e mención ao réxime xurídico (cláusulas oitava a undécima).

O prazo de vixencia axústase ao previsto no art. 49.h) da Lei 40/2015.

Dacordo co exposto, o Concello de Vigo é concedente dunha subvención e actúa, tamén, como entidade colaboradora da subvención da Deputación provincial de Pontevedra, xa que, nos termos do artigo 12.1 da LXS, é a entidade que entrega e distribúe os fondos públicos á beneficiaria. Unha vez asinado o convenio, o concello tramitará o correspondente expediente de concesión da subvención á beneficiaria (Asociación de Industriais Metalúrgicos de Galicia, ASIME, CIF G36614774, titular da organización da citada Feira), obrigándose a xustificar esta achega ante a Deputación de Pontevedra na forma prevista na cláusula cuarta do convenio.

-Procedemento e competencia:

Constan no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de inicio, memoria do convenio e borrador co texto do mesmo, que xunto co presente informe xurídico con proposta de resolución será remitido á Intervención Xeral do Concello para a súa fiscalización con carácter previo á súa aprobación polo órgano competente, de conformidade co disposto no art. 214 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio, por canto se refire ao establecemento da colaboración económica entre as entidades asinantes para a execución do proxecto.

Pola súa banda, a sinatura do documento corresponderá á Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do artigo 124.1 da LRBRL, que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao Concelleiro de Cultura e Emprego, en virtude das competencias delegadas a través das Resolucións de Delegación de 17 de agosto de 2020.

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Dacordo co art. 8.1. letra "b" da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá darse publicidade ao convenio que se subscriba e no que ás subvencións respecta, deberán comunicarse á Base de Datos Nacional de Subvencións unha vez formalizado o correspondente convenio coa entidade beneficiaria.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Concelleiro



Concello de Vigo

ro de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 17/08/2020, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte,

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Modificar o Anexo que contén a proposta de convenio entre o Concello de Vigo e a Deputación provincial de Pontevedra para a promoción das industrias do sector do metal e a súa importancia laboral, social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración da *Feira Internacional das tecnoloxías do Metal (Mindtech-2021)*", aprobado por acordo da XGL de 29 de xullo de 2021, e cúa redacción definitiva se incorpora como Anexo do presente expediente.

Segundo.- Solicitar novamente da Deputación provincial de Pontevedra a aprobación e subscripción do convenio que se anexa para a promoción das industrias do sector do metal e a súa importancia social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración *Feira Internacional das tecnoloxías do Metal (Mindtech-2021)*".

Terceiro.- Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo.

Cuarto.- Remitir o convenio unha vez asinado á Secretaría do Goberno Local, aos efectos de publicidade.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL (MINDTECH-2021)"

Na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, Dona María del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).

Doutra, Don Abel Caballero Álvarez, Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, na representación legal que do mesmo lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.

E actuando Dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, e Don Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Recoñécense mutuamente os comparecentes a capacidade e a representación necesaria para a sinatura do presente convenio de colaboración, e a estes efectos

EXPOÑEN

I.- Que a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas nos eidos administrativos ós que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ó tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

II.- Que a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo, en base aos principios de colaboración, cooperación e asistencia entre as diferentes Administracións Públicas no exercicio das súas competencias e en asuntos de interese común que se recollen na Lei 40/2015, de 1 de outubro, deciden potenciar a inserción laboral e a creación de emprego, así como a posta en valor dos recursos turísticos do municipio e súa contorna, con medidas de apoio ás actividades de divulgación da oferta turística e de mellora da promoción dos valores turísticos.

Neste sentido a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, artigo 25.2.h) e i) e a Lei 7/2011, de 27 de outubro, de turismo de Galicia, artigos 3 e 5, regulan as competencias propias en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local e de feiras, no que interesa ao presente convenio para fomento do emprego por mor do desenvolvemento da segunda Feira Internacional das tecnoloxías do Metal Mindtech-2021 e cunha indubidable repercusión na promoción turística da cidade e das Rías Baixas.

III.- Que a cidade de Vigo e a súa contorna, constitúese como unha das principais areas de desenvolvemento das industrias do metal. Este sector destaca polo seu potencial para o desenvolvemento da nova industria 4.0 para o sector metalúrxico e industrial de Vigo e toda a provincia de Pontevedra.

Segundo o Informe do Sector Metalmeccánico realizado polo Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), entre as oportunidades para o sector en Galicia destacan: a posibilidade de alianzas estratéxicas, o crecemento das innovacións en tecnoloxías e a súa aplicación nos equipos produtivos e as plataformas de internacionalización cara a mercados exteriores.

O sector industrial e concretamente o sector metalúrxico, metalmeccánico e a súas tecnoloxías asociadas representan máis do 23% del PIB de Galicia, englobando diversas actividades.

Á vista destes indicadores a "Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia, ASIME", organiza a segunda Feira Internacional das tecnoloxías do Metal Mindtech-2021, coma feira industrial referente no Polo Ibérico que se celebra en Vigo do 14 ao 16 setembro.

IV.- Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral, así como o fomento e dinamización empresarial do sector mediante a realización de feiras internacionais que permitan unha mellor dinamización do mesmo cara á



Concello de Vigo

creación de emprego estable e de calidade, procurando que os custes de colaboración coa entidade sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións. Á vista desta situación a "Asociación de Industriais Metalúrgicos de Galicia, ASIME", propón a celebración deste evento, que se presenta coma unha gran oportunidade para potenciar o emprego nas empresas do sector e cara a promoción do turismo en Vigo e nas Rías Baixas.

A oportunidade da organización desta segunda "FERIA DO METAL" en Vigo, na cal participarán profesionais do sector metalúrxico e industrial; Maquinaria, Mecanizado, Ferramentas e Utillaxes; Tecnoloxías 4.0, Enxeñaría e Servizos para a Industria; Moldes, Matrices e Troqueles; Robótica e Automatización; Fabricación Aditiva, 3D; Subministracións Industriais; Electricidade e Electrónica; Soldadura, Procesos e Procedementos; Construcións e Estruturas Metálicas; Pintura, Tratamento de Superficies e Recubrimientos; Calderería e Tubaxe Industrial; Loxística e Transporte; Frío Industrial, etc., ten unha gran importancia e relevancia a nivel internacional, o que converte esta Feira nun gran escaparate para as cidades que os promoven, así como da consolidación empresarial no seu ámbito de actuación. En consecuencia a celebración dun evento deste tipo supón unha oportunidade única para a promoción, non só da cidade de Vigo, senón das Rías Baixas e da provincia de Pontevedra.

En consecuencia, a colaboración mediante a tramitación dun convenio semella a ferramenta idónea para maximizar a repercusión que supón este evento na consolidación das empresas do sector do Metal e do emprego, así como do turismo nas Rías Baixas e Pontevedra como destino turístico.

V.- Que a Deputación Provincial de Pontevedra, nos orzamentos do ano 2021, contempla unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co Concello de Vigo.

VI.- Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra que ten como un dos obxectivos estratéxicos a promoción do emprego e o apoio as iniciativas de cualificación turística, acordaron aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os comparecentes, con arranxo aos seguintes:

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para a promoción da industria tecnolóxica do metal local e a súa importancia laboral, social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración os días 14,15 e 16 de setembro de 2021 da Feira Internacional das tecnoloxías do Metal (Mindtech-2021), na procura do cumprimento, entre outros, dos seguintes obxectivos:

- Promoción das industrias e profesionais do sector tecnolóxico do Metal.
- Fomento na opinión pública da importancia social e económica do sector do Metal e o potencial como eixo comercial internacional.

- Posicionamento estratéxico como polo económico e industrial para competir nun mercado global.
- Consolidación do emprego mediante a promoción do sector empresarial e tecnolóxico do metal.
- Promoción de Vigo e as Rías Baixas como destino turístico.

SEGUNDO.- FINANCIAMENTO DO CONVENIO

As actuacións ás que se refire o presente convenio serán financiadas pola Deputación Provincial e o Concello de Vigo, que se obrigan a sufragar o custo das prestacións obxecto da organización do evento ata a cantidade máxima de CEN MIL euros (100.000,00 €), para o total das actuacións ás que se refire o presente convenio incluído o IVE, sendo gastos admisibles os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade conveniada de acordo co proxecto subvencionado achegado pola entidade. No caso de que a actuación teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do proxecto, o financiamento reducirase proporcionalmente ás obrigas económicas que lle corresponda afrontar a cada parte. O financiamento realizarase contra as aplicacións correspondentes dos vixentes orzamentos das administracións asinantes.

1.- A Deputación Provincial comprométese a achegar, a cantidade máxima de CORENTA E CINCO MIL EUROS (45.000,00€).

O pago realizarase contra a aplicación 21/942.9420.462.14 do orzamento provincial- A Concellos-Actividades (Vigo e Pontevedra).

2.- O Concello de Vigo obrígase a achegar a contía de CINCUENTA E CINCO MIL EUROS (55.000,00 €).

O pago realizarase contra a aplicación 2410 4700005 "FEIRA METAL_MINDTECH" do orzamento do Concello de Vigo.

TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1º.- A execución do presente convenio e o seu financiamento polas administracións intervinentes terá lugar co seguinte desglose:

| ANUALIDADE | Entidade | TOTAL |
|--------------|--------------------------|---------------------|
| 2021 | DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA | 45.000,00 € |
| 2021 | CONCELLO DE VIGO | 55.000,00 € |
| TOTAL | | 100.000,00 € |

2º.- O Concello de Vigo redactará unha proposta de convenio coa "Asociación de Industriais Metalúrgicos de Galicia" (ASIME), CIF G36614774, para a celebración da "Feira Interna-



Concello de Vigo

cional das Tecnoloxías do Metal Mindtech-2021". Dita sociedade é a entidade organizadora de dita Feira, polo que é titular do dereito exclusivo vinculados a organización do evento.

3º.O Concello de Vigo remitirá unha copia do texto do convenio á Deputación Provincial e comunicarse a esta Institución a data e a hora en que terá lugar a súa sinatura, á que asistirá, de consideralo procedente, un representante da Corporación provincial.

4º.- A Administración municipal remitira á provincial, a xustificación das actuacións recollidas no convenio de colaboración.

5º.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo do que corresponda en exclusiva á Comisión de Seguimento do convenio, que se reunirá cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros.

CUARTO.- COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de Vigo obrígase a:

- Redactar unha proposta de texto de convenio, entre o Concello de Vigo e a "Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia" (ASIME), CIF G36614774, para a celebración da "Feira Internacional das Tecnoloxías do Metal Mindtech-2021", tendo en conta a condición de entidade organizadora da dita Feira.
- Aprobar o texto do convenio pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL e remitir un exemplar do acordo á Deputación Provincial xunto co convenio.
- Esixir que se obteñan os correspondentes permisos e que se tramiten ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Xustificar perante a Deputación, as actuacións executadas mediante a presentación da seguinte documentación acreditativa dos gastos:
 - Copia do acordo de aprobación da Xunta de Goberno Local e do texto do convenio asinado entre o Concello de Vigo e a "Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia" (ASIME), CIF G36614774, para a celebración da "Feira Internacional das Tecnoloxías do Metal Mindtech-2021".
 - memoria das actividades realizadas relacionadas cos gastos da actividade subvencionada; informe favorable de pagamento da xustificación do convenio asinado polo responsable do servizo;
 - facturas, ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, aprobadas polo órgano competente do Concello;
 - conta xustificativa que relacione os gastos da actividade subvencionada;
 - memoria de gastos e ingresos relacionados coa actividade;
 - certificación de pagamento a favor da "Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia" (ASIME), CIF G36614774, para a celebración da "Feira Inter-

nacional das Tecnoloxías do Metal Mindtech-2021”, asinada polo Tesoureiro do Concello de Vigo;

- calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ó Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.
- Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

QUINTO.- COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN

A Deputación de Pontevedra comprométese a cofinanciar os custes derivados do convenio, ata a cantidade máxima de CORENTA E CINCO MIL euros, (45.000,00€) o que supón o 45,00 % do custe da actuación subvencionada, de conformidade co disposto no pacto segundo, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial.

A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución das prestacións obxecto do presente convenio e formular as observacións que estime pertinentes.

Non obstante, as actuacións estarán sometidas á comprobación explícita da execución das prestacións por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A Deputación prestará a colaboración e facilitará canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e da Resolución Presidencial núm. 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000,00 euros.

SEXTO.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e informacións relativas ás actuacións derivadas do obxecto do presente convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo.



Concello de Vigo

As accións a desenvolver dentro Feira Internacional das tecnoloxías do Metal Mindtech-2021, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

SÉTIMO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

Conforme ao disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada.

OITAVO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento, entre outras funcións:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio.
- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.
- Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.

- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

NOVENO.- VIXENCIA

O convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución do proxecto subvencionado ao que o mesmo se refire, que terá lugar os días 14, 15 e 16 de setembro de 2021, sen que en ningún caso o seu prazo de vixencia poida superar o 31 de decembro de 2021.

DÉCIMO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- 2º.- O acordo unánime dos asinantes.
- 3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumplidora un requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

- 4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

UNDÉCIMO.- RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.



Concello de Vigo

Así mesmo, ante a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puidesen suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

9(759).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA SOCIEDADE “ULISES-PROYECT EVENTOS ESPECIALES” PARA O DESENVOLVEMENTO DA XX EDICIÓN DO FESTIVAL “O MARISQUIÑO”. EXPTE. 8749/335.

Visto o informe xurídico do 22/08/21 e o informe de fiscalización do 24/08/21, dáse conta do informe-proposta de data 23/08/21, asinado pola xefa do Servizo de Festas, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Normativa de aplicación.

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xullo, de subvenciones de Galicia.
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno.
- Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Informe

O concelleiro delegado da Área de Participación Cidadá e Festas resolveu en data 2 de xullo de 2021 que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa sociedade Ulisesproject Eventos especiales SLU, para a organización da XX edición do Festival “O Marisquiño”.

O evento tivo lugar os días 6, 7 e 8 de agosto de 2021, dentro do programa “Vigo en Festas” 2021, por diversas rúas do centro da cidade, con maior concentración de actividades no Paseo das Avenidas.

O Marisquiño leva 19 edicións consecutivas dende 2001, primeiro no que se celebrou. Desde entón pasou por tres localizacións distintas (Castro, Samil e Paseo das Avenidas) nunha soa cidade, Vigo. Na súa última edición (2019), con máis de 1.300 riders de máis de 30 países dos 5 continentes disputáronse 75 medallas en 9 disciplinas destacado a presenza de Riders de prestixio internacional como Nicholi Rogatkin, Nuno Pintas, Sam Pilgrim, Bienvenido Aguado, Paul Courdec, Lucas Huppert.

Para facelo posible, este ano, dada a situación sanitaria, máis de 300 traballadores constrúen e xestionan un espazo no que ao longo dos **3** días levaranse a cabo as actividades, que polas especiais condicións de pandemia se centrarán unicamente en competicións deportivas, especialmente nas valedoiras para os campionatos mundiais, coa fin de permanecer nos respectivos calendarios e asegurar a continuidade das probas no evento.

O Marisquiño consolídase nas probas deportivas máis importantes a nivel mundial como o BMX Free Style, Mountain Bike (descenso urbano), Skate (proba WCS), Break Dance (Street Battle), Street Basket 3x3 algunhas delas disciplinas olímpicas Tokio 2020.

Por outra banda cómpre destacar a repercusión nacional e internacional que acada o festival, tanto en medios audiovisuais e escritos como en internet e redes sociais. O Marisquiño ten unha enorme repercusión con conexións, reportaxes e entrevistas en todas as televisións de alcance nacional e tamén en radios e medios escritos de gran audiencia. ESPN, a canle de Deportes líder en América Latina e con gran presenza tamén en América do Norte, enviou un equipo ao festival para informar sobre o mesmo. A isto hai que engadir os acordos coa liga Sports e As Diario para a difusión do evento a través do streaming en internet. En canto á repercusión en redes sociais, en 2019 xeráronse máis de oito millóns de impactos dixitais sobre o festival e a cidade de Vigo tanto nas redes propias do festival como nas dos deportistas que compartiron contido a través das súas propias redes

Cómpre sinalar tamén que o acceso a todas as probas deportivas e culturais de carácter urbano desenvolvidas dentro da programación do festival son de balde.

D. Carlos Domínguez Fernández, propietario único da entidade e dos dereitos de uso da marca “O Marisquiño” manifiesta que a súa sociedade ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación da dita marca. A marca “O Marisquiño” atópase rexistrada na Oficina española de Patentes y Marcas ao seu nome (*achégase a documentación acreditativa no expediente*).

A concesión da subvención proposta fundamentase no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, ocupación do tempo libre, que lle recoñecen os artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e o artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia. Neste senso a Concellería-delegada da Área de Participación Cidadá e Festas ten entre as súas competencias o programar, desenvolver e xestionar a celebración de actividades festivas e socioculturais, de lecer e tempo libre, así como promover todo tipo de programas, actividades e servizos que contribúan á animación sociocultural dos cidadáns.

O Concello de Vigo está interesado en apoiar e potenciar a oferta cultural da cidade, así como en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais. É por isto que no seu



Concello de Vigo

vixente orzamento, na aplicación 3380.470.0001, prevé a concesión dunha subvención polo importe de 320.000,00 (trescentos vinte mil) euros, para a organización de “O Marisquiño”.

Establécese a colaboración coa Deputación de Pontevedra a través de convenios específicos, cuxa execución administrativa, técnica e contractual corresponderá ao Concello de Vigo, que deberá observar os procedementos de avaliación e seguimento da execución dos convenios a establecer nestes.

Ao amparo desta colaboración entre o Concello de Vigo e a Excma. Deputación de Pontevedra, con data 22 e 29 de xullo de 2021 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o texto do convenio entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para o desenvolvemento do festival Marisquiño 2021 (expediente 8748/335). Con data 6 de agosto de 2021 a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou o mesmo texto do convenio co obxecto de coadxuvar ao desenvolvemento do festival “O Marisquiño” cun importe de 180.000,00 euros.

O texto do antedito convenio foi asinado con data 9 de agosto (*achéganse ao expediente copias dos respectivos acordos e mais do texto do convenio*).

Como resultado deste acordo, o Servizo de Festas dispón dunha dotación de 180.000,00 (cento oitenta mil) euros na aplicación 3380.470.0000 do seu vixente orzamento, a maiores dos créditos aprobados inicialmente, no orzamento municipal vixente, nos que prevese a concesión dunha subvención nominativa en concepto de Convenio Marisquiño con cargo a aplicación orzamentaria 3380.470.0001 polo importe de 320.000 €.

Fronte ao procedemento ordinario de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva o artigo 22.2 da LXS determina a posibilidade de concesión de forma directa das subvencións previstas nominativamente no presuposto, entendendo como tal aquela na que alomenos a súa dotación presupostaria e beneficiario apareza determinado no estado de gastos do presuposto, de xeito que as condicións e compromisos se determine na resolución de concesión e, no seu caso, nos convenios a través dos cales se canalicen a subvenciones e

con carácter excepcional, daquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Deste xeito, dun lado propónse a concesión dunha subvención nominativa mediante resolución conforme o disposto no artigo 28.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro por importe 320.000,00 euros e doutra banda, a concesión, dunha subvención por 180.000 euros ao concorrer circunstancias de interese público, social e cultural na actividade obxecto de financiamento segundo a disposto no parágrafo 3 do artigo 28, xa que concorren razóns de interese público e social, así como de exclusividade que non permiten a convocatoria dunha concorrencia pública, dado que Ulisesproyect Eventos Especiales SLU ostenta os dereitos de uso da marca “O MARISQUIÑO”.

Os gastos derivados da organización e desenvolvemento do Festival O Marisquiño 2021, segundo o presuposto presentado pola entidade Ulisesproyect Eventos especiais SLU, ascenden a un total de 504.000,00 euros. Ulisesproyect Eventos especiais SLU está en condicións de organizar a presente edición, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a resolución de concesión establecerá as condicións e compromisos aplicables.

A resolución da concesión ten o carácter de bases reguladores da subvención concedida, de conformidade con establecido no art. 65.3 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun festival de grande arraigo na cidade e que conta cunha ampla tradición na promoción da cultura urbana, formando parte do programa de festas desta cidade. A súa organización en todas as edicións anteriores vén estando a cargo da entidade, que ostenta os dereitos de uso da marca. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

Conforme ao disposto nos art. 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvención e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a resolución de concesión establecerá as condicións e compromisos aplicables.

A resolución da concesión ten o carácter de bases reguladores da subvención concedida, de conformidade co establcedio no art 65.3 do Regulamento da Lei Xeral de Subvenciones.

A sociedade Ulisesproject Eventos Especiales SLU non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da LG 9/2007, encóntrase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e que non se atopa incursoa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 desta lei, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente 8749/335.

En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, queda facultado o concelleiro delegado da Área de Participación Cidadá e Festas para asinar o citado convenio, ao amparo dos Decretos de delegación de competencias de 26 de xuño de 2019 e de 17 de agosto de 2020 e acordo da Xunta de Goberno de data 19 de xuño de 2015.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro da Área de Participación Cidadá e Festas e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Conceder a entidade “Ulisesproject Eventos Especiales SLU”, con C.I.F. núm. B-36.957.132 unha subvención directa polo importe de 500.000 euros para a organización



Concello de Vigo

do XX “Festival do Marisquiño” que tivo lugar os días 6, 7 e 8 de agosto por diversas rúas do centro da cidade.

A aportación dineraria realizarase con cargo aos seguintes Proxectos de gasto e Aplicacións Presupuestarias:

- Subvención nominativa polo importe 320.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.470.0001 (Convenio Marisquiño) conforme o disposto no artigo 28.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro
- Subvención por circunstancias de interese público, social e cultural polo importe de 180.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.470.0000 do programa orzamentario de Festas conforme o disposto no paragrafo 3 do artigo 28 da Lei 38/2003, do 17 de novembro

A concesión da subvención queda suxeita as seguintes condicións e compromisos:

CONDICIÓN S

Primeiro.- Ulisesproject Eventos especiales SLU comprométese a colaborar coa Concellería de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo en canto a organización da XX edición de “O Marisquiño, que tivo lugar no centro da cidade os días 6, 7 e 8 de agosto de 2021, conforme ao programa recollido no Anexo deste expediente, e concretamente:

- 1º.- Asumir todo o concernente á organización das actividades do XX edición de “O Marisquiño” 2021, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no Anexo I deste expediente.
- 2º.- Asumir todos os gastos que se deriven do orzamento económico, recollidos no Anexo.
- 3º.- Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto; dotar de material necesario co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.
- 4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.
- 5º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.
- 6º.- Dar adecuada publicidade ao financiamento das actividades obxecto desta subvención, mediante a incorporación dos logotipos do Concello de Vigo e da Deputación Provincial de Pontevedra e da imaxe corporativa do evento en todos os seus soportes publicitarios. En todos os casos deberán figurar os anteriores logotipos como patrocinadores do programa.
- 7º.- Aboar as taxas, impostos e todos os demais gastos derivados dos permisos e da realización das actividades, incluíndo a xestión e aboamento da cantidade que corres-

ponda polos dereitos de autor que se xeren pola utilización de música ambiente no desenvolvemento das actividades deportivas e de cultura urbana.

8º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio das actividades.

9º.- Elaborar e cumprir o Plan de Autoprotección e Medidas de Emerxencia deseñado para o evento.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Incluir a XX edición de “O Marisquiño” dentro da programación das Festas de verán 2021 do Concello de Vigo, así como nos soportes publicitarios que se realicen para esta programación.

2º.- Conceder directamente a ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SLU, unha subvención para a edición 2021 por importe de 500.000,00 euros, co obxecto de coadxuvar ao financiamento da programación, organización e execución da XX edición de “O Marisquiño”. Para edicións posteriores, as achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos na presente resolución.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade subvencionada realizarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES16 2080 5085 7930 4002 1974, da entidade bancaria ABANCA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .



Concello de Vigo

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada de conformidade co indicado no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Sétimo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Oitavo.- A beneficiaria, antes do 15 de novembro de 2021, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a SOCIEDADE ULISES-PROYECT EVENTOS ESPECIALES SLU está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da Lei 38/2003. establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel. As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os docu-

mentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste subvención. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarásese en orixinal. As facturás cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicita a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Noveno.- No caso de que a ENTIDADE se opoña expresamente a que o CONCELLO comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento. De non haber tal oposición expresa, o CONCELLO recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico. Considerándose subvencionables en concreto aqueles que figuran no orzamento de gastos a xustificar ao Concello de Vigo achegado pola entidade Ulisesproyect Eventos Especiales, SLU, polo importe total de 500.000 € especificados como anexo neste expediente.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada pola Concellería de Participación Cidadá e Festas. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Existencia de consignación orzamentaria. O Concello de Vigo na partida 3380.470.0001 dunha subvención por importe de 320.000 € e polo importe de 180.000 € con cargo a aplicación orzamentaria 3380.470.0000.



Concello de Vigo

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo quinto.- O mecanismo de seguimento da execución das actividades subvencionadas establécese en base ás memorias e informes que presente a entidade asinante e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

Décimo sexto.- A presente subvención terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2021 e non será prorrogábel.

Décimo sétimo.- O concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación das actividades contempladas nesta subvención, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo oitavo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo noveno - A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo.- A execución do programa axustarse as condicionamentos sinalados na autorización de data 4.08.2021 de ocupación de dominio público concedida polo Servizo de Seguridade e conforme aos plans de autoprotección e protocolos COVID.

Vixésimo primeiro.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos

municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

SEGUNDO.- Autorizar un gasto por importe de 500.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor de Ulisesproyect Eventos Especiales SLU, dos cales 320.000,00 euros irán con cargo á aplicación presupostaria 3380.470.0001 (Convenio Marisquiño cofinanciado Deputación) e 180.000,00 euros con cargo á aplicación presupostaria 3380.470.0000 do programa presupostario de Festas para o vixente exercicio.”

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ao interesado, indicando que esta resolución pon fin á vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o órgano competente da Xurisdición Contencioso administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de Xurisdición Contencioso-administrativa.

Así mesmo, a resolución poderá ser recorrida potestativamente en reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimento administrativo Común das Administracións Publicas.

10(760).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DE TRAMITACIÓN ABREVIADA, DO CONTRATO DE SUBMINISTRO PARA A ADQUISICIÓN DE PRODUTOS DE LIMPEZA E DROGUERÍA. EXPTE. 48644/446.

Visto o xurídico do 13/08/21 e o informe de fiscalización do 23/08/21, dáse conta do informe-proposta do 28/07/21, asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 23 de outubro de 2020, o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, en data 26 de outubro de 2020, co conforme do concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, asinan informe xustificativo da necesidade e orde de inicio do procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada para a contratación do *subministro de produtos de limpeza e droguería* (exp. te. 48644/446).

2.- O xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, en data 6 de abril de 2021, o xefe da Área de Servizos Xerais, en data 7 de abril de 2021 e o concelleiro delegado Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, en data 8 de abril de 2021, asinan a memoria económica (MEC).

3.- En data 9 de abril de 2021, a Dirección Superior Contable e Orzamentación-Intervención do Concello de Vigo emite os seguintes documentos económicos de retención de crédito:



Concello de Vigo

- Lote I, RC 202100036727, por importe de 1.000,00€ e RCFUT1, por importe de 2.000,00€.
- Lote II, RC 202100036732, por importe de 1.500,00€ e RCFUT1, por importe de 3.000,00€.

4.- O Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP), de data 6 de xullo de 2021, asínase polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns.

5.- A memoria xustificativa (MEX), de data 6 de xullo de 2021, asínase polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, e polo xefe da Área de Servizos Xerais, co conforme do concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, de data 8 de xullo de 2021.

6.- En data 27 de xullo de 2021, a xefa do Servizo de Contratación emite informe sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

7.- O Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asínase pola xefa do Servizo de Contratación, con data 27 de xullo de 2021.

8.- O presente contrato está previsto no plan anual de contratación, constando no expediente de contratación o seus documentos contables correspondentes (RC nº 202100036727 e RC nº 202100036732).

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iníciarase polo Órgano de Contratación. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada, por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de Área. O concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, en resolución de 26 de outubro de 2020, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 16 da LCSP trátase dun contrato de subministro e, en concreto, de subministro en función das necesidades da Administración con orzamento máximo (Disposición adicional 33ª da LCSP).

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan, tanto o prego de cláusulas administrativas particulares, como o de prescricións técnicas, que rexerán o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato, de conformidade cos artigos 028 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustificativa xustifícase o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1) e o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto simplificado de tramitación abreviada, e a forma de tramitación do expediente é a ordinaria, conforme ao disposto nos artigos 116, 131,2 e 159.6 da LCSP, toda vez que o seu valor estimado é 8.264,47€.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP, e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Octavo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Noveno.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do contrato de subministro para a **ADQUISICIÓN DE PRODUTOS DE LIMPEZA E DROGUERÍA**, así como o prego de prescricións técnicas particulares, asinado na data 6 de xullo de 2021 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 27 de xullo de 2021.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de **7.500,00€**, que inclúe un IVE de 1.301,65€, o cal se imputará ás partidas 1710.2211000 “Produtos de limpeza” (Lote I) e 1710.2210901 “Bolsas plásticas, papeleiras e material de rega” (Lote II), distribuído nas seguintes anualidades:



Concello de Vigo

| Anualidades | Lote I | Lote II | Importe |
|-------------|------------|------------|------------|
| 2021 | 1.000,00 € | 1.500,00 € | 2.500,00 € |
| 2022 | 1.000,00 € | 1.500,00 € | 2.500,00 € |
| 2023 | 1.000,00 € | 1.500,00 € | 2.500,00 € |

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Os abaixo asinantes declaran a ausencia do conflito de intereses en relación co presente expediente nos termos da resolución aprobada pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 3/3/2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(761).- ACEPTAR A SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O FUNCIONAMENTO DA AULA CEMIT, COMO AULA DE REFERENCIA, CONFORME A RESOLUCIÓN DA DIRECTORA DA AXENCIA DE MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA. EXPTE. 10071/320.

Visto o informe-xurídico do 12/08/21, dáse conta do informe-proposta de data 09/08/21, asinado pola técnica de xestión do Servizo de Participación Cidadá (instrución do 28/07/21) e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Dende o Concello de Vigo continuase fomentado o desenvolvemento das actividades propias da aula CeMIT (**Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica**) xa que a súa finalidade é convertela nunha ferramenta que permita aos galegos e galegas mellorar as súas competencias dixitais con independencia da súa idade, lugar de residencia ou situación económica, deste xeito nun instrumento esencial no acceso a produtos que satisfagan as súas necesidades persoais e profesionais, contribuíndo estratexicamente a:

- Aumentar a accesibilidade a Internet
- Avanzar na alfabetización dixital
- Diminuír a fenda dixital
- Mellorar a empregabilidade

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 7 de febreiro de 2014, adoptou entre outros os seguintes acordos (número expediente: 6971-320):

1º.- Aprobar a presentación da solicitude de consideración como aula CeMIT, xunto coa achega prevista no convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia e a FEGAMP, para o desenvolvemento do plan de inclusión dixital no eido da Administración Local.

2º.- Encomendar ao servizo de Participación e Atención Cidadá a tramitación da solicitude de adhesión.

Con data **04/03/2014**, e número de documento 140026929, se ten recibido no expediente 62/2014 a Notificación de resolución da Asociación para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), entidade que ten asumido a xestión da rede de centros CeMIT, ten asinado un convenio de colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para o Desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital, no eido da Administración Local de Galicia, pola que:

- 1. Considera a aula CeMIT do Concello de Vigo, como aula de referencia de acordo coa cláusula terceira do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza, AMTEGA e a FEGAMP, para o desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital no eido da Administración Local.*
- 2. Aprobar a concesión dunha subvención por importe de 15.000,00 € condicionado o seu pagamento ás especificacións establecidas no Anexo I.*

Con data **14/12/2015**, a Xunta de Galicia, ten comunicado ao Concello de Vigo o acordo de “Renovar de maneira automática a condición de aula de referencia os concellos relacionados no Anexo P”, anexo no que se atopa o Concello de Vigo, co criterio a e unha subvención de 15.000 € (Aprobado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 22 de xaneiro de 2016 co número de expediente: 7270-320).

Con data **19/12/2016**, recibíuse nova comunicación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica (AMTEGA) da Xunta de Galicia coa resolución de renovación da Aula CeMIT de referencia e concesión de unha nova subvención ao prorrogarse a vixencia do Convenio ata o 31 de decembro de 2017 coa sinatura da IV Addenda o día 19 de setembro de 2016.

Con data **20/12/2017**, AMTEGA comunica a nova prórroga do convenio ata o 31 de decembro de 2018.

Con data **21/01/2019**, recibíuse a “Resolución pola que se conceden subvencións ás aulas das entidades locais que integran a Rede CeMIT que teñan a consideración de “aulas de referencia” para o exercicio 2019”.

Con data **23/01/2020**, recibíuse a notificación de “Inicio de procedemento para declarar a perda de condición de Aula CeMIT de referencia” e, finalmente, con data **29/12/2020** a notificación da resolución pola que se declara **a perda de condición de Aula CeMIT de referencia do Concello de Vigo e a perda da subvención que viña percibindo**. O motivo de esta perda, argumentase da seguinte maneira:

“Cos datos que figuran o día 30 de novembro de 2019 na plataforma Xea da Xestión de aulas CeMIT relativos ao Concello de Vigo, non se cumpren os requisitos para ter a condición de



Concello de Vigo

Aula de Referencia nun municipio de más de 5.000 habitantes, xa que o total de 787,25 hora de actividades rexistradas resulta inferior ao mínimo fixado de 1.000 horas”.

Independentemente da perda da subvención autonómica, o Concello de Vigo, continuou coa actividade formativa na Aula CeMIT durante o ano 2020 financiada con fondos propios (expediente 9441-320).

Finalmente, con data **3/08/2021**, AMTEGA nos comunica unha nova **resolución pola que se conceden subvencións ás entidades que integran a Rede CeMIT que teñen a consideración de “aulas de referencia” para o exercicio 2021**, entre as que se inclúe novamente ao Concello de Vigo.

Polo anteriormente exposto **PROPOÑO a Xunta de Goberno Local** a adopción do seguinte acordo:

1. Aceptar a axuda de 15.000,00 €, para o funcionamento da aula CeMIT, como aula de referencia, conforme a resolución da directora da Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia.
2. Encomendar ao servizo de Participación Cidadá a xestión da aula CeMIT e da axuda concedida, conforme ao establecido no texto da resolución.
3. Delegar no concelleiro de Participación Cidadá e Festas a representación do Concello de Vigo diante da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, na xestión da aula CeMIT do Concello de Vigo.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(762).- PLAN DE FORMACIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL PARA O ANO 2021. EXPTE. 37052/220.

Dáse conta do informe-proposta de data 17/08/21, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Por Resolución da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal de data 26/12/2016 (expediente nº 29.160/220) acordouse incoar expediente administrativo para a planificación e dirección estratéxica da formación, con elaboración da Estratexia de Formación do Concello de Vigo, designando como instrutora do expediente administrativo á funcionaria municipal D^a María Dapena Gómez, Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, así como constituir a tal efecto, dous grupos de traballo encargados da planificación, desenvolvemento e xestión da formación no Concello de Vigo:

6)o Grupo Técnico de Planificación e Dirección da Formación,

7)o Grupo Técnico de Desenvolvemento e Xestión da Formación.

Aos efectos de garantir a participación da representación sindical dos traballadores na actividade que se desenvolva polos grupos de traballo, dispónse que terán a condición de invitados no grupo técnico de desenvolvemento e xestión 2 representantes sindicais que se designen pola Mesa do Comité de Persoal.

2.- As funcións dos devanditos grupos, segundo a citada resolución, son as seguintes:

1.- Grupo Técnico de Planificación e Dirección da Formación:

-Estudio, impulso, dirección, debate e articulación práctica dos procedementos Administrativos necesarios para a implementación e materialización práctica das actividades de planificación e dirección da formación do persoal ao servizo do Concello de Vigo.

-Estudio, debate e elaboración da Estratexia de Formación ou Plan Estratéxico de Formación do persoal ao servizo do Concello de Vigo, presentando os documentos na Comisión de Formación.

-Seguemento e calendarización da xestión e desenvolvemento da formación.

-Interlocución coa Comisión de Formación, plantexando a reorientación da actividade da mesma.

-Dirección, supervisión e coordinación da actividade do Grupo Técnico de Desenvolvemento e Xestión da Formación.

-Interlocución e debate coa representación sindical dos empregados/as públicos municipais no marco do desenvolvemento do proceso, sen prexuízo das competencias legalmente atribuídas á Mesa Xeral de Negociación.

-Emisión de informe nos supostos nos cales os órganos municipais competentes así o soliciten en relación cos traballos encomendados e as súas incidencias.

-Coordinar, planificar e supervisar a formación que se desenvolve en ámbitos específicos (policía local, efectivos destinados no Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento (SEIS) ou formación en materia de prevención de riscos laborais)

-Informar á Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal da actividade desenvolta polos dous grupos, sempre que así se demande por ésta, e en calquera caso, con periodicidade trimestral.

-Calquera outra de análogo contido que lle sexa expresamente atribuída pola concellería competente en materia de persoal.

2.- Grupo Técnico de Desenvolvemento e Xestión da Formación:

Funcionará baixo a dirección do Grupo Técnico de Planificación e Dirección da Formación, e terá por funcións as seguintes:

-Xestionar de xeito directo a posta en marcha das actividades formativas e as súas incidencias inherentes contidas na Estratexia de Formación, incluídas a xestión e tramitación dos expedientes administrativos derivados e da posta en marcha das ferramentas TIC necesarias ao efecto.

-Desenvolver os procesos e procedementos necesarios para a materialización práctica da Estratexia de Formación.

-Debatir coa representación sindical designada pola Mesa do Comité, a xestión da formación.

-Prestar apoio técnico especializado ao Grupo Técnico de Planificación e Dirección da Formación, e celebrar as sesións de traballo conxuntas que así se convoquen.

-Calquera outra relacionada coa xestión e desenvolvemento da formación que lle sexa expresamente atribuída pola concellería competente en materia de persoal ou polo Grupo Técnico de Planificación e Dirección da Formación.



Concello de Vigo

3.- Así, e como consecuencia do traballo efectuado polo Grupo Técnico de Planificación e Dirección da Formación, a Xunta de Goberno Local acordou a aprobación dos seguintes documentos:

- **Marco Estratéxico da Formación do Concello de Vigo** (expediente n.º 29.922/220) aprobado o 18/05/2017.

- **Estudio de detección de necesidades formativas e designación de responsables operativos de procesos** (expediente n.º 30.867/220) aprobado o 28/12/2017.

4.- Así, elabórase o documento para a previa aprobación pola Comisión Paritaria de Formación e posteriormente, pola Xunta de Goberno Local, a fin de poder ofertar ao persoal as actividades formativas previstas nos prazos fixados no Marco Estratéxico de Formación.

5.- En sesión de data 19/07/2021, e previa a convocatoria ao efecto, a Comisión Paritaria de Formación do Concello acadouse acordo en relación coa proposta de Plan de Formación para o ano 2021, incluídas as aportacións efectuadas pola representación sindical (Doc 210162653).

MOTIVACIÓN

I. LEGAL:

Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP):

-Artigo 14:

“Los empleados públicos tienen los siguientes derechos de carácter individual en correspondencia con la naturaleza jurídica de su relación de servicio:

b) Al desempeño efectivo de las funciones o tareas propias de su condición profesional y de acuerdo con la progresión alcanzada en su carrera profesional.

c) A la progresión en la carrera profesional y promoción interna según principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad mediante la implantación de sistemas objetivos y transparentes de evaluación.

e) A participar en la consecución de los objetivos atribuidos a la unidad donde preste sus servicios y a ser informado por sus superiores de las tareas a desarrollar.

g) A la formación continua y a la actualización permanente de sus conocimientos y capacidades profesionales, preferentemente en horario laboral.”

-Artigo 54- Principios de conducta dos empregados/as públicos:

“8. Mantendrán actualizada su formación y cualificación.”

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local: artigo 4:

“1. En su calidad de Administraciones públicas de carácter territorial, y dentro de la esfera de sus competencias, corresponden en todo caso a los municipios, las provincias y las islas:

a) Las potestades reglamentaria y de autoorganización.

c) La potestad de programación o planificación.”

II.- ASPECTOS TÉCNICOS:

A prestación duns servizos públicos de calidade, o seu mantemento e o incremento dos niveis de eficacia esixidos por unha cidadanía plenamente consciente da súa importancia, obriga ás Administracións Públicas non só a realizar una planificación adecuada da súa xestión e dos

obxectivos a lograr, senón tamén a adscribir a ela os recursos económicos e medios persoais necesarios e cualificados.

Así, o presente plan de formación, seguindo a liña de exercicios anteriores, deseñouse tendo en consideración, por unha banda, as necesidades de cualificación para o desempeño do posto de traballo por parte dos seus destinatarios, e, por outro, facilitando o desenvolvemento profesional e persoal dos empregados públicos, no convencimiento de que con iso se contribuirá a mellorar a seguridade no desempeño do seu posto de traballo, a súa autoestima e a súa satisfacción personal al verse dotado das habilidades, ferramentas e coñecementos necesarios para afrontar os retos profesionais da práctica diaria e que lle axudan, ademais, a dar cumprimento ás súas lexítimas aspiracións de progreso na súa carreira administrativa. Este plan, continuador da política formativa de exercicios precedentes e seguindo a traxectoria marcada por eles, vértase en torno a tres eixes básicos.

O primeiro deles trata de atopar un equilibrio entre las diferentes modalidades de formación, de modo que se utilice a máis axeitada en función do tipo de acción formativa, das características específicas dos destinatarios ou das condicións en las que prestan os seus servizos.

Sin esquecer a importancia outorgada ás accións presenciais, en razón da maior interacción que comporta e das posibilidades que ofrece, isto non impide la incorporación, de modo progresivo e equilibrado, de modalidades formativas virtuales e semipresenciais, dadas as vantaxes da utilización das novas tecnoloxías para a flexibilización da aprendizaxe que estas implican, así como o seu papel en canto instrumentos colaborativos e no horizonte da conciliación da vida persoal e profesional

O segundo eixo incide nas senda seguida polos plans de formación precedentes, baseados na confianza no talento interno para a impartición das accións formativas. Os formadores internos que participan, polo seu pertencencia á Administración, dos valores de servizo público, achegan a realidade administrativa da que son bos coñecedores e os seus coñecementos académicos á formación dos seus compañeiros.

En terceiro lugar, o plan debe ser o resultado dunha ampla colaboración e dunha suma de esforzos, pois , canto máis amplo sexa o grado de intervención do persoal municipal na elaboración do plan maior será a garantía de acerto na definición das accións formativas previstas. Poese iso, o Plan de formación 2020 non é cerrado, senón que é un documento dinámico que se poderá adaptar segundo as necesidades sobrevenidas.

Polo tanto, o plan de formación do Concello de Vigo ten como obxectivo último a mellora dos servizos públicos prestados pola entidade local , a través da actualización dos coñecementos dos seus empregados na totalidade das súas áreas.

Así, e como obxetivos asociados atopanse os seguintes:

- Mellorar as competencias básicas dos traballadores.
- Impulsar a implantación das tecnoloxías da información na Administración, propiciando a súa utilización por parte dos traballadores e polo tanto, un maior rendemento.
- Adaptar os procedementos da administración ás actualizacións normativas.
- Colaborar para que se implanten procesos de mellora continua e calidade nas Administracións.

No plan de formación priorízase a actualización en todas aquelas materias que sufriron modificacións normativas recentemente (procedemento administrativo, protección de datos, contratación, a administración electrónica).



Concello de Vigo

De igual maneira, tamén se lle dá prioridade ás accións de iniciación ou de temática máis xeral, que afectan á xeneralidade dos traballadores públicos fronte á formación de colectivos concretos (bombeiros, policía, etc) aos que está previsto atender a través de orzamento propio de cada servizo.

Deseño do plan de formación.

A proposta de Plan de Formación do Concello de Vigo 2021 artículase arredor de dúas liñas estratéxicas:

- **Formación transversal (FTRV) dirixida á adquisición de competencias/coñecementos de carácter transversal.**
- **Formación específica (FSPC) destinada a colectivos ou ámbitos específicos.**

1.- Liñas estratéxicas de accións formativas:

1.1.- Formación transversal (FTRV)

- competencias dixitais,
- competencias persoais aplicadas a entornos profesionais,
- traballo por obxectivos (todo o persoal municipal)
- teletraballo, traballo remoto e entornos colaborativos,
- xestión persoal do traballo remoto -con especial incidencia no impacto do sistema no benestar persoal- e comunicación en entornos remotos.
- transparencia e bo goberno, integridade pública, protección de datos e marco básico en materia de procedemento administrativo común.
- actualizacións normativas en materia de contratos, procedemento administrativo e emprego público.
- fondos next generation: xestión e implementación práctica.
- ordenación eficaz do tempo de traballo en entornos virtuais
- igualdade de xénero e prevención da violencia de xénero
- actualizacións idiomas (Galego, Inglés, Linguaxe de signos)

1.2.- Formación específica (FSPC)

- Teletraballo, traballo en entornos remotos e espazos virtuais. A prevención de riscos laborais en teletraballo.
- Xestión do estrés e *mindfulness*.
- O Plan de Recuperación e Resiliencia: a xestión de fondos Next Generation EU.

2.- Modalidades formativas:

- Presencial
- Semipresencial
- On line con sesións sincrónicas obrigatorias
- On line

·3.- Accións formativas propostas:

As accións formativas serán impartidas, preferentemente, na modalidade virtual. No caso da imposibilidade de realización nesta modalidade, a súa celebración quedará condicionada a evolución da actual situación de pandemia, e sempre realizaranse coa adopción de todas as medidas antiCOVID necesarias.

Deste xeito, o Plan de Formación 2021 intenta dar resposta :

- a. ás necesidades de formación detectadas na organización realizada tendo en conta:
- as políticas de recursos humanos de cada departamento.
 - as contestacións ás enquisas realizadas aos xefes dos distintos servizos para que expoñan as necesidades formativas do seu persoal e as súas propias.
 - os plans estratéxicos do concello.
 - as opinións manifestadas polos asistentes ás accións formativas de anos anteriores, recollidas a través das enquisas de avaliación de cada acción formativa, onde se lles solicita que indiquen outros cursos ou materias do seu interese.
- b. Resultados da avaliación do plan do ano anterior e a súa consideración en relación co plan presentado.

As avaliacións realizadas en cada unha das accións formativas do ano anterior en canto a profesorado, material, metodoloxía didáctica, aplicación dos contidos ás tarefas do posto de traballo, etc., son os criterios que permiten realizar os axustes pertinentes, no intento de mellora continua das accións de formación incluídas nos plans anuais.

Ademais, tal como indícase no punto anterior, nas avaliacións téntanse recoller tamén novas necesidades formativas para o seguinte plan.

Asemade, establécense uha serie de criterios xerais de xestión en tres ámbitos esenciais:

- **Criterios xerais de desenvolvemento**
- **Criterios xerais de selección do alumnado**
- **Criterios rectores das obrigas específicas esixidas ás persoas formadoras e titoras**

1.- Como **criterios xerais de desenvolvemento** establécense os seguintes:



Concello de Vigo

- As accións formativas de capacitación terán lugar preferentemente dentro da xornada laboral. No caso de accións formativas destinadas ao persoal do S.E.I.S. propónse que dúas xornadas de traballo (24 horas) se destinen á realización das accións de formación.
- Inclúense no Plan todas as accións formativas financiadas con cargo aos orzamentos do Concello de Vigo, así como as que se realicen con cargo a subvención da EGAP e outros organismos ou entidades públicas.
- A convocatoria de accións formativas realizarase mediante a inserción de aviso na Intranet, no Portal do Empregado e mediante os sistemas internos de comunicación que permitan a universalidade e o acceso global ás convocatorias por parte de toda a organización.
- Na convocatoria xeral inicial do Plan de Formación incluíranse todas as accións formativas propostas para o ano 2021, ao obxecto de coñecer a demanda que existe para cada actividade por parte dos traballadores municipais. No caso de existir actividades formativas que non acaden un mínimo de 10 solicitudes con prioridade entre 1 e 5, estas serán anuladas (non se realizarán) podendo ser substituídas por outra acción formativa, ou por unha nova edición daqueles cursos nos que se constate maior demanda.
- No Plan de Formación para o ano 2021 poderá participar a totalidade do persoal ao servizo do Concello de Vigo que á data da convocatoria manteña relación de servizo ou laboral coa entidade.
- As persoas participantes serán seleccionados segundo os criterios previstos nas convocatorias de cada unha das accións formativas, respetando en todo momento os principios de igualdade, publicidade, concorrencia e debendo garantirse a universalidade e a accesibilidade integral pola totalidade da plantilla do acceso á información e inscrición nas accións formativas integrantes do plan.
- Para a obtención do certificado de asistencia será imprescindible o efectivo seguemento e remate do curso.

Na modalidade presencial, será necesaria a asistencia ao 90% das sesións presenciais.

No caso da formación semipresencial, ademáis da asistencia obrigatoria as sesións presenciais, esixirase a realización dos exercicios prácticos, probas de coñecemento ou avaliacións que así se especifiquen en cada caso.

No suposto da formación virtual será necesaria a superación da totalidade de módulos que compoñen a acción formativa así como a realización dos exercicios prácticos, probas de coñecemento ou avaliacións que, en cada caso, se indiquen.

- A asistencia ás accións formativas require da responsabilidade e actitude positiva ao aprendizaxe e á mellora persoal e profesional das persoas alumnas. Deberase respetar as normas éticas de uso dos foros e de etiqueta virtual de aplicación, que estarán dispoñibles na plataforma de formación do Concello de Vigo.
- Ao obxecto de asegurar a calidade, efectividade e eficacia da formación e a mellora da programación, á finalización de cada acción formativa realizarase unha enquisa de avaliación entre todas as persoas participantes, co fin de coñecer a súa opinión sobre distintos aspectos do curso. A análise da información obtida a través das enquisas en canto á realización, ao desenvolvemento, aos resultados obtidos e á xestión de cada acción formativa será abordada no seo dos traballos que desenvolven os grupos técnicos de formación.

2.- Como **criterios xerais de selección do alumnado**, establécense os seguintes:

a) Nas solicitudes de accións formativas encadradas na Formación Transversal (FTRV):

- Orde de prioridade establecido na solicitude.
- Primeira solicitude efectuada, debendo garantir a universalidade da formación entre a plantilla municipal, de xeito tal que concurra unha efectiva igualdade de oportunidades formativas.
- Antigüidade no emprego público.
- Será penalizado, de cara á posterior admisión noutros cursos, o abandono inxustificado nunha actividade formativa sen comunicación suficientemente razoada e de carácter formal á titoría do curso.

b) Nas solicitudes de accións formativas encadradas na Formación Específica (FSPC):

- Orde de prioridade establecido na solicitude.
- Relación directa co contido funcional do posto de traballo de adscripción.
- Primeira solicitude efectuada, debendo garantir a universalidade da formación entre a plantilla municipal, de xeito tal que concurra unha efectiva igualdade de oportunidades formativas.
- Antigüidade no emprego público.

3.- Como **criterios rectores das obrigas específicas esixidas ás persoas formadoras e titoras**, se recollen os seguintes:

- Solicitude de inscrición no Banco de Formadores Internos, no caso de ter tal condición.
- Nos supostos de impartición de accións formativas -que inclúan práctica real con equipos, ferramentas ou maquinarias así como cursos “onjob” -job training-, xa sexan impartidos por



Concello de Vigo

funcionarios ou formadores internos como por empresas de formación ás que se lle encargue a realización da actividade, será necesario presentar inexcusablemente:

- a) Curriculum vitae do formador/a no que se especifiquen, entre outros aspectos
- A formación académica, que deberá ser adecuada ao contido da acción formativa.
- A formación complementaria debidamente acreditada relacionada coa área de coñecemento concreta.
- Cursos de metodoloxía na formación e formación para adultos ou metodoloxía didáctica (CAP, Formador de Formadores, Formador ocupacional,...)
- Experiencia profesional directamente relacionada coa materia obxecto da acción formativa.
- Experiencia docente relacionada coas materias a impartir.
- O recurso a formadores internos será prioritario e preferente fronte ao recurso á contratación externa, á cal só se recurrirá ante a ausencia de formadores internos debidamente capacitados ou cualificados, así como naqueles supostos no cal pola especificidade da materia, polo nivel de coñecementos especializados esixibles, ou pola infraestrutura necesaria para o desenvolvemento da actividade formativa sexa necesario recurrir á contratación de formadores externos: En tales supostos, e sexan tanto empresas especializadas como persoas físicas expertas, garantírase a concorrencia efectuando sempre un mínimo de 3 invitacións por acción formativa.
- No caso de contratación da actividade formativa con empresas, antes do inicio da actividade formativa, a empresa ou entidade contratada para impartir a formación deberá xustificar o cumprimento das obrigas derivadas do RD 171/2004, de 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais. A tal fin deberán seguir o establecido na Guía de Coordinación de Actividades Empresariais do Concello de Vigo, aprobada por acordo plenario de data 29/11/2010, e publicada no BOP de 29/03/2011.
- Ao remate de cada acción formativa, realizarase un cuestionario de avaliación do curso ao formador/a, co fin de dispoñer de información completa sobre o desenvolvemento da acción, recabando información sobre a actitude do alumnado, así como sobre posibles propostas de mellora e da calidade da programación. A análise da información obtida a través das enquisas en canto á realización, ao desenvolvemento, aos resultados obtidos e á xestión de cada acción formativa será abordada no seo dos traballos que desenvolven os grupos técnicos de formación.

- A lingua vehicular das accións formativas será preferentemente o galego e debendose contemplar a perspectiva de xenero nas mesmas

4.- Seguimento e avaliación do plan.

a. Previsións do seguimento das accións formativas, tanto durante o seu desenvolvemento como ao final do mesmo.

Existe xa un procedemento establecido para o seguimento das actividades formativas que aplicamos en todas as actividades formativas desenvolvidas, independentemente da súa fonte de financiación:

- Realización dun seguimento diario de cada acción formativa que basicamente realizan os formadores e trasladan aos responsables/xestores, mantendo un contacto fluído co persoal formador e os asistentes, co fin de aplicar as correccións oportunas á acción formativa.
- Realización de enquisa aos asistentes, na que se recollen as súas opinións en canto a profesorado, material, metodoloxía, aulas e organización da acción formativa.
- Realización de enquisa aos formadores en canto a organización, grao de aproveitamento e participación dos asistentes, aulas, etc.

b. A aplicación de técnicas para a avaliación de resultados e, no seu caso, do impacto da formación.

Non se realizan estudos de impacto da formación, como tal pero si se tenta recoller que grao de aplicación tiveron os plans de formación a través de:

- Realización de enquisa aos xefes dos distintos servizos sobre a aplicación dos coñecementos adquiridos polos asistentes e a súa aplicación aos postos de traballo
- Realización de enquisa para detectar problemas de comunicación do plan aos empregados, problemas de aplicación dos coñecementos e técnicas adquiridos, etc.

III.- AUSENCIA DE CONTIDO ECONÓMICO DA PROPOSTA DE ACORDO:

A presente proposta non resulta susceptible de cuantificación exacta, debido á circunstancia de que a execución de cada unha das diferentes accións formativas levará aparellada a tramitación do correspondente expediente de gasto, que será obxecto da preceptiva fiscalización previa.

Adicionalmente, a realización ou non dun curso estará en función do número de alumnos/as, cuxa determinación neste momento resulta imposible, ao non atoparse aprobado o plan e, conseguintemente, tampouco as convocatorias e prazos de inscrición.

Por tanto, enténdese que non resultaría preceptiva a fiscalización previa da proposta de acordo pola Intervención Xeral, nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ao non ser susceptible de determinación a efectiva produción dun gasto futuro.



Concello de Vigo

IV.- COMISIÓN PARITARIA DE FORMACIÓN:

Ditas accións formativas foron debatidas na reunión da Comisión Paritaria de Formación (art. 42 do vixente Acordo Regulador) en sesión de data 19/07/2021, toda vez que, tal e como se contempla no artigo 37 do TREBEP, están suxeitas á obriga de negociación colectiva os plans de formación e a distribución dos fondos asignados á mesma; sendo éste o órgano previsto no Concello de Vigo a tal efecto, e obrando no doc 210162653 a testemuña da dita reunión.

Polo tanto, vistas as consideracións expostas, e de conformidade co establecido no artigo 127.1, apartados g) e h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e coa conformidade do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, sométese ao criterio da Xunta de Goberno Local, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**

“UNICO.- Aprobar o Plan de Formación do Concello de Vigo para o ano 2021, de conformidade cos antecedentes e motivacións expostos no informe-proposta que antecede, que obra contido no **Anexo I** do presente acordo, formando parte inseparable do mesmo.

ANEXO I

.1.- Formación transversal (FTRV)

| | | | |
|--|---|------------------------|---|
| Denominación | ACCIÓN FORMATIVA 2021/FTRV/001 | | |
| | A INTEGRIDADE COMO COMPETENCIA PROFESIONAL. A ÉTICA NO POSTO DE TRABALLO | | |
| Destinatarios | A totalidade do persoal ao servizo do Concello de Vigo | | |
| Nº de Edicións | 1 | Modalidade: | Semipresencial/On line con sesións sincrónicas obrigatorias |
| Nº de participantes por Edición | 25,00 | Total de participantes | 25 |
| Nº de horas por Edición | 25,00 | Total de horas | 25,00 |
| Características: | | | |
| Competencias profesionais transversais | | | |
| Obxectivos de ensino e aprendizaxe: | | | |
| Introducción, exposición e exercicio de dinámicas cognitivas, intelectuais e de relación interpersoal en clave de valores éticos, de integridade e de servizo público orientados á prosecución do interese xeral e do ben común. | | | |
| Descubrir e analizar os dilemas ou retos éticos susceptibles de presentarse no desempeño profesional diario e os custos asociados nos supostos de deficiente xestión ética nos procesos de adopción de decisións. | | | |
| Análise da necesaria harmonización de valores persoais e institucionais. | | | |
| Identificación de situacións de risco potencial, favorecendo a toma de decisións dacordo a principios de autoconfianza, honradez, ética pública e persoal, valores de servizo público, integridade e transparencia. Contraste de experiencias de mellora do servizo público en prol da calidade e da integridade nas Administracións Públicas. | | | |
| Estudo das boas prácticas de conduta ética aplicables ao posto de traballo. | | | |
| PROGRAMA: | | | |
| 1.-Introducción: concepto de ética e principais correntes de teoría ética. Dereitos humanos e desenvolvemento sostible. Toma de decisións ante conflitos éticos: os “moral trade-offs”. | | | |
| 2.- Aplicación da teoría ética. Ética aplicada á acción pública. Ética na administración. Plans de integridade (introdución). | | | |
| 3.-Aplicacións prácticas . Os códigos éticos. A xestión de conflitos de intereses. A empatía emocional como factor distorsionador dos procesos de adopción das decisións éticas. | | | |
| 4.- A búsqueda do ben común e os servizo aos intereses xerais. A importancia dos códigos éticos e de valores nas organizacións públicas. | | | |

| | | | |
|---|--|------------------------|--|
| Denominación | ACCIÓN FORMATIVA 2021/FTRV/002 ÓRGANOS DE SELECCIÓN E PROCESOS SELECTIVOS NO SECTOR PÚBLICO LOCAL | | |
| Destinatarios | A totalidade do persoal ao servizo do Concello de Vigo que poda participar como membro de órganos de selección de persoal consonte á normativa vixente | | |
| Nº de Edicións | 1 | Modalidade: | On line con sesións sincrónicas obrigatorias |
| Nº de participantes por Edición | 25,00 | Total de participantes | 25 |
| Nº de horas por Edición | 25,00 | Total de horas | 25,00 |
| Características: Competencias profesionais transversais | | | |
| Obxectivos: Adquirir coñecementos específicos acerca do réxime de funcionamento, responsabilidades e procedemento a seguir polos órganos de selección de persoal no sector público local, con especial incidencia na xurisprudencia de referencia na materia e na problemática práctica concorrente. | | | |
| PROGRAMA: 1.- Os procesos selectivos no sector público: marco normativo referencial. 2.- Os órganos de selección: composición e funcións. Os principios de especialidade técnica e de profesionalidade: posición da xurisprudencia. O principio de paridade. Causas de abstención, recusación e de imposibilidade legal de participación nos órganos de selección. 3.- As ofertas de emprego público, as convocatorias e as bases xerais e específicas rectoras dos procesos de selección. O proceso selectivo: análise de incidencias e casuística práctica. A Xurisprudencia máis relevante. 4.- Recursos contra os actos e acordos dos órganos de selección. 5.- Responsabilidade dos membros dos órganos de selección. A triple perspectiva: administrativa, civil e penal. Aspectos disciplinarios e responsabilidade patrimonial da Administración. 6.- Taller práctico de selección de persoal. | | | |

| | | | |
|--|---|------------------------|--|
| Denominación | ACCIÓN FORMATIVA 2021/FTRV/003 CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO | | |
| Destinatarios | Subgrupos A1, A2 e C1 | | |
| Nº de Edicións | 1 | Modalidade: | On line con sesións sincrónicas obrigatorias |
| Nº de participantes por Edición | 25,00 | Total de participantes | 25 |
| Nº de horas por Edición | 25,00 | Total de horas | 25,00 |
| Características: Competencias profesionais transversais | | | |
| Obxectivos de ensino e aprendizaxe: Adquisición de coñecementos específicos en materia de contratos do sector público, con especial incidencia nos criterios interpretativos e xurisprudencia de referencia na materia e na problemática práctica concorrente, dende a perspectiva da integridade na contratación pública e da prevención dos conflitos de intereses. | | | |
| PROGRAMA: 1.- Análise normativo: a Lei de contratos do sector público. Contratos excluídos. Principios de contratación. 2.- Capacidade e clasificación dos operadores económicos. Elaboración e documentación do contrato. Tramitación administrativa. 3.- Procedementos de adxudicación do contrato. Os criterios de adxudicación. Incidencias a considerar. 4.- Execución e rescisión dos contratos. 5.- Especialidades administrativas. 6.- Nulidade, reclamacións e resolución de conflitos fóra de corte. O recurso especial. 7.- A integridade na contratación pública e o conflito de intereses. Análise. | | | |



Concello de Vigo

| ACCIÓN FORMATIVA 2021/FTRV/004 | | | |
|---|--|------------------------|---------|
| Denominación | FUNDAMENTOS DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA | | |
| Destinatarios | A totalidade do persoal ao servizo do Concello de Vigo | | |
| Nº de Edicións | 2 | Modalidade | On line |
| Nº de participantes por Edición | 30 | Total de participantes | 30 |
| Nº de horas por Edición | 25,00 | Total de horas | 25,00 |
| Características: Competencias profesionais transversais | | | |
| Obxectivos: Adquisición e comprensión dos conceptos básicos da administración electrónica no contexto electrónico e dixital establecido no marco normativo vixente de aplicación á totalidade das Administracións Públicas. | | | |
| PROGRAMA: 1.- A Administración electrónica consonte ás previsións das Leis 39 e 40/2015, do 1 de outubro. Dereitos dos cidadáns e deberes das Administracións Públicas e do persoal ao seu servizo. 2.- Criptografía e firma dixital. A sede electrónica. O rexistro electrónico. O documento electrónico. O expediente administrativo electrónico. As notificacións electrónicas. 3.- Introducción ás redes sociais como instrumento de traballo: virtualidades e criterios éticos de uso. | | | |

| ACCIÓN FORMATIVA 2021/FTRV/005 | | | |
|--|---|------------------------|---------|
| Denominación | IGUALDADE DE XÉNERO, PREVENCIÓN DO ACOSO SEXUAL E DA DISCRIMINACIÓN POR RAZÓN DE SEXO. BOAS PRÁCTICAS INCLUSIVAS E ACCIÓNS POSITIVAS NO SECTOR PÚBLICO. A PREVENCIÓN E ACTUACIÓN ANTE A VIOLENCIA DE XÉNERO. | | |
| Destinatarios | Todo o persoal | | |
| Nº de Edicións | 2 | MOdalidade | On line |
| Nº de participantes por Edición | 25 | Total de participantes | 50 |
| Nº de horas por Edición | 30,00 | Total de horas | 30,00 |
| Características: Competencias profesionais transversais | | | |
| Obxectivos: Interiorización da igualdade de xénero como valor esencial no desempeño profesional dende unha perspectiva de xénero. Aplicación do enfoque inclusivo no deseño e implementación das actuacións estratéxicas e operativas realizadas polas Administracións Públicas, con estudo da normativa básica europea e do contido, alcance e relevancia do marco normativo vixente en materia de igualdade, así como das técnicas de prevención e de actuación ante a violencia de xénero. | | | |
| PROGRAMA: A determinar por expertos. | | | |

| | | | |
|--|---------------------------------------|------------------------|---------|
| Denominación | ACCIÓN FORMATIVA 2021/FTRV/006 | | |
| | INGLÉS NA ADMINISTRACIÓN LOCAL | | |
| Destinatarios | Todo o persoal | | |
| Nº de Edicións | 1 | Modalidade | On line |
| Nº de participantes por Edición | 30 | Total de participantes | 30 |
| Nº de horas por Edición | 80,00 | Total de horas | 80,00 |
| Características: Competencias profesionais transversais | | | |
| Obxectivos: Desenvolvemento da capacidade de comunicación en lingua inglesa en contextos da vida social e profesional susceptibles de presentarse nunha Administración Local de gran poboación, segundo o nivel de cada asistente. | | | |
| PROGRAMA: A concretar en función do nivel lingüístico de cada participante, segundo proba de nivel. | | | |

| | | | |
|---|---|------------------------|---|
| Denominación | ACCIÓN FORMATIVA 2021/FTRV/007 | | |
| | INNOVACIÓN, PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA E GOBERNO ABERTO NA ADMINISTRACIÓN LOCAL | | |
| Destinatarios | A totalidade do persoal municipal | | |
| Nº de Edicións | 1 | Modalidade | Semipresencial/On line con sesións sincrónicas obrigatorias |
| Nº de participantes por Edición | 30 | Total de participantes | 30 |
| Nº de horas por Edición | 30,00 | Total de horas | 30,00 |
| Características: Competencias profesionais transversais | | | |
| Obxectivos: Adquisición e manexo dos conceptos, técnicas e ferramentas para o desenvolvemento dun clima de creatividade e innovación. Facilitar a implantación do proceso de xestión da innovación. Proporcionar referencias prácticas, experiencias e documentación para a implantación de liñas de traballo innovadoras. Coñecer as necesidades de planificación das Administracións públicas no entorno actual. Comprender a evolución do concepto "estratexia" e a diferenza entre planificación e dirección estratéxica. Coñecer as principais ferramentas e metodoloxía aplicables nas distintas fases do proceso de concepción e desenvolvemento estratéxicos. | | | |
| PROGRAMA: 1.- A creatividade e o talento das persoas como fonte de valor público. 2.- Innovación pública e os seus elementos. 3.- Obradoiro de intelixencia colectiva: as nosas barreiras para a innovación. 4.- Obradoiro de innovación: poñendo en valor o público. 5.- A pirámide de xestión: De estratexia a acción. Modelos sostibles de xestión pública: estratexia e acción. A necesidade dos modelos de xestión. 6.- Os modelos de innovación pública. Análise de experiencias de éxito no sector público. | | | |



Concello de Vigo

| | | | |
|---|---------------------------------------|------------------------|------------|
| Denominación | ACCIÓN FORMATIVA 2021/FTRV/008 | | |
| | LINGUAXE BÁSICA DE SIGNOS | | |
| Destinatarios | A totalidade do persoal municipal | | |
| Nº de Edicións | 1 | Modalidade | Presencial |
| Nº de participantes por Edición | 30 | Total de participantes | 30 |
| Nº de horas por Edición | 30,00 | Total de horas | 30,00 |
| Características: Competencias profesionais transversais | | | |
| Obxectivos: Comprensión e aprendizaxe das expresións de uso frecuente, así como de frases sinxelas, tendentes á adquisición de habilidades de comunicación elemental na lingua de signos. | | | |
| PROGRAMA: 1.- Contidos gramaticais, léxicos e socioculturais. 2.- Diversidade lingüística da lingua de signos. Formas de chamada: individual e próxima ao interlocutor. A importancia do contacto visual entre os interlocutores e as condicións espaciais. Convencións sociais básicas. 3.- Recoñecemento legal da linguaxe de signos. Achegamento á comunidade de xordos e á cultura xorda: manifestacións artísticas e culturais. 4.- Accesibilidade universal: figura do intérprete de lingua de signos e tecnoloxías básicas para a comunicación. Solicitar información. Expresar opinións, actitudes e coñecementos. Expresar gustos, desexos e sentimentos. Conectar co interlocutor. Relacións sociais. Estruturación, construción e interpretación do discurso. | | | |

| | | | |
|---|--|------------------------|---------|
| Denominación | ACCIÓN FORMATIVA 2021/FTRV/009 | | |
| | MOBBING E ACOSO LABORAL. A IMPORTANCIA DO CLIMA LABORAL COMO OPORTUNIDADE | | |
| Destinatarios | A totalidade do persoal municipal | | |
| Nº de Edicións | 1 | Modalidade | On line |
| Nº de participantes por Edición | 30 | Total de participantes | 30 |
| Nº de horas por Edición | 30,00 | Total de horas | 30,00 |
| Características: Competencias profesionais transversais | | | |
| Obxectivos: Distinguir o <i>mobbing</i> doutros tipos de violencia psicolóxica e de outros factores psicosociais. Coñecer os criterios definitorios do acoso psicolóxico e as condutas encadradas nel. Coñecer os factores que inflúen na aparición do <i>mobbing</i> . Distinguir os tipos de violencia laboral. Identificar os factores que facilitan a aparición da violencia laboral. Saber qué medidas preventivas se poden aplicar para evitar a súa aparición. Coñecemento conceptual do clima laboral e da súa importancia como mecanismo de mellora e valorización das relacións humanas. Recoñecer a importancia dos riscos psicosociais, os factores de risco, así como as consecuencias dos mesmos. | | | |
| PROGRAMA: 1.- Introducción ao concepto de acoso laboral ou acoso psicolóxico. Diferenciación do concepto de conflito interpersoal. 2.- Impacto do acoso laboral sobre a saúde e a organización. Protocolos de abordaxe, prevención, xestión e eliminación do acoso laboral. 3.- Os riscos psicosociais no traballo. Avaliación de factores e riscos psicosociais e a elaboración dun programa de intervención. | | | |

| | | | |
|--|---------------------------------------|------------------------|---------|
| Denominación | ACCIÓN FORMATIVA 2021/FTRV/010 | | |
| | PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO | | |
| Destinatarios | Subgrupos C1 e C2 | | |
| Nº de Edicións | 1 | Modalidade | On line |
| Nº de participantes por Edición | 25 | Total de participantes | 25 |
| Nº de horas por Edición | 30,00 | Total de horas | 30,00 |
| Características: Competencias profesionais transversais | | | |
| Obxectivos: Mellora dos coñecementos e obrigas relativas ao desenvolvemento da tramitación administrativa nas distintas fases do procedemento administrativo, de conformidade co marco normativo referencial de aplicación. | | | |
| PROGRAMA: 1.-Análise da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Ámbito obxectivo e subxectivo e disposicións xerais. A unidade de procedemento administrativo electrónico. Revisión e validez dos actos por vías administrativas. A Responsabilidade Patrimonial das administracións públicas nas leis actuais de procedemento administrativo e réxime xurídico do sector público. 2.-A revisión de actos administrativos. Os recursos en vía administrativa. A xurisdicción contencioso-administrativa. | | | |

| | | | |
|---|---|------------------------|---------|
| Denominación | ACCIÓN FORMATIVA 2021/FTRV/011 | | |
| | PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL NAS ADMINISTRACIONES PÚBLICAS E TRANSPARENCIA: CUESTIÓN PRÁCTICAS | | |
| Destinatarios | Subgrupos A1, A2, C1 e C2 | | |
| Nº de Edicións | 1 | Modalidade | On line |
| Nº de participantes por Edición | 25 | Total de participantes | 25 |
| Nº de horas por Edición | 30,00 | Total de horas | 30,00 |
| Características: Competencias profesionais transversais | | | |
| Obxectivos: Aprendizaxe dos conceptos fundamentais en materia de protección de datos de carácter persoal e a incidencia no ámbito da transparencia. | | | |
| PROGRAMA: 1.- Principio de transparencia e dereito á información. Regulación do procedemento de acceso á información pública. 2.- Límites do dereito de acceso: definición e aplicación. Dereito á protección da información persoal. Consentimento. 3.- Problemas da relación entre o acceso á información e a protección de datos | | | |



Concello de Vigo

| | | | |
|--|---------------------------------------|------------------------|---------|
| Denominación | ACCIÓN FORMATIVA 2021/FTRV/012 | | |
| | COMPETENCIAS DIXITAIS | | |
| Destinatarios | A totalidade do persoal municipal | | |
| Nº de Edicións | 1 | Modalidade | On line |
| Nº de participantes por Edición | 30 | Total de participantes | 30 |
| Nº de horas por Edición | 40,00 | Total de horas | 40,00 |
| Características: Competencias profesionais transversais | | | |
| Obxectivos: Aprendizaxe e coñecemento do concepto de "competencia dixital" dende unha perspectiva integral, así como das destrezas e habilidades asociadas, con incidencia nos entornos dixitais, linguaxe dixital, dos recursos e ferramentas dixitais susceptibles de aplicación ao desempeño profesional, dende unha perspectiva ética no seu exercicio. | | | |
| PROGRAMA: 1.- Concepto de competencia dixital: alcance, contido e obxectivos. Tipoloxía. A destreza dixital. 2.- A actitude persoal: análise das resistencias á adquisición de competencias dixitais dende unha óptica psicolóxica, humana, e do impacto profesional e organizativo. 3.-Navegación, busca e filtrado de datos, información e contido dixital: saber o que queremos, saber buscar datos e información en contornos dixitais, acceder e navegar entre eles. Crear e actualizar estratexias persoais de busca. 4.-Avaliación de datos, información e contido dixital: analizar, comparar, interpretar e avaliar criticamente a credibilidade e fiabilidade de datos e información, así como as súas fontes. 5.-Xestión de datos, información e contidos dixitais: organizar, almacenar, recuperar e procesar datos, información e contidos en contornos dixitais. 6.-Interactuar coas tecnoloxías dixitais e comprender os medios de comunicación dixital adecuados para cada contexto. 7.-Dinamicas de traballo colaborativas a través das tecnoloxías dixitais 8.-Netiqueta e comportamento da rede 9.-Xestión da identidade dixital 10.-Desenvolver contidos dixitais 11.-Protección dos dispositivos Protección de datos persoais e privacidade | | | |

| | | | |
|--|---|------------------------|--|
| Denominación | ACCIÓN FORMATIVA 2021/FTRV/013 | | |
| | RESPONSABILIDADES DO EMPREGADO PUBLICO | | |
| Destinatarios | A totalidade do persoal municipal | | |
| Nº de edicións | 1 | Modalidade | On line con sesións sincrónicas obrigatorias |
| Nº de participantes por Edición | 40 | Total de participantes | 40 |
| Nº de horas por Edición | 30,00 | Total de horas | 30,00 |
| Características: Competencias profesionais transversais | | | |
| Obxectivos: Identificar as actuacións e condutas susceptibles de provocar responsabilidade da Administración e do propio persoal municipal, diferenciando entre os distintos tipos de responsabilidade (administrativa, civil, penal, patrimonial da Administración). Distinguir os tipos delictivos cometidos por empregados publicos no exercicio das súas funcións, xunto co réxime disciplinario, así como o réxime de sanción penal e disciplinaria establecida. | | | |
| PROGRAMA: 1.- Conceptos básicos. Tipos de responsabilidade. A responsabilidade patrimonial da Administración e a responsabilidade de autoridades e funcionarios. A responsabilidade civil. 2.- Responsabilidade penal. Dolo e culpa: concepto e alcance. Persoas físicas e xurídicas. Autoridades e funcionarios. Delitos contra a Administración pública: análise de tipos penais e das sancións. Responsabilidade civil derivada do delito e da Administración 3.- Marco de dereitos dos empregados públicos nos supostos de denuncias falsas, agresións, calumnias e inxurias no exercicio de funcións de carácter público. O dereito de defensa xurídica: condicións, límites e marco do seu exercicio. 4.- Xestión de fondos públicos e responsabilidade contable. | | | |

| | | | |
|---|---------------------------------------|------------------------|------------|
| Denominación | ACCIÓN FORMATIVA 2021/FTRV/014 | | |
| | DEFENSA PERSOAL NIVEL I | | |
| Destinatarios | A totalidade do persoal municipal | | |
| Nº de Edicións | 1 | Modalidade | Presencial |
| Nº de participantes por Edición | 15 | Total de participantes | 15 |
| Nº de horas por Edición | 16,00 | Total de horas | 16,00 |
| Características: Coñecementos transversais | | | |
| Obxectivos: Adquisición de coñecementos e habilidades basicas de autodefensa e autoprotección | | | |
| PROGRAMA E CONTIDO: Prevención e toma de consciencia das situacións de perigo. Actuacións a evitar ante unha agresión. Concepto e categoría do medo: técnicas de afrontamento e superación. Reaccións naturais ante ataques comúns. Técnicas: Técnicas de posicionamento. Traballo de agarres. Traballo de proxeccións. Traballo de caídas. Técnicas de psicoloxía. Técnicas de control e inmovilización. Defensa con obxectos cotiáns. | | | |



Concello de Vigo

| | | | |
|---|---------------------------------------|------------------------|------------|
| Denominación | ACCIÓN FORMATIVA 2021/FTRV/015 | | |
| | DEFENSA PERSOAL NIVEL II | | |
| Destinatarios | A totalidade do persoal municipal | | |
| Nº de Edicións | 1 | Modalidade | Presencial |
| Nº de participantes por Edición | 15 | Total de participantes | 15 |
| Nº de horas por Edición | 16,00 | Total de horas | 16,00 |
| Características: Coñecementos transversais Obxectivos: Proporcionar coñecementos e habilidades basicas de autodefensa e autoprotección | | | |
| PROGRAMA E CONTIDO: Previr e tomar consciencia da situación. Que non se debe facer ante unha agresión. O medo, como superalo. Reaccións naturais ante ataques comúns. Técnicas: Técnicas de posicionamento. Traballo de agarres. Traballo de proxeccións. Traballo de caídas. Técnicas de psicoloxía. Técnicas de control e inmovilización. Defensa con obxectos cotiáns. | | | |

| | | | |
|--|---|------------------------|---------|
| Denominación | ACCIÓN FORMATIVA 2021/FTRV/016 | | |
| | ESCRITURA CON LINGUAXE NON SEXISTA | | |
| Destinatarios | A totalidade do persoal municipal | | |
| Nº de Edicións | 1 | Modalidade | On line |
| Nº de participantes por Edición | 20 | Total de participantes | 20 |
| Nº de horas por Edición | 15,00 | Total de horas | 15,00 |
| Características: Coñecementos transversais Obxectivos: Reelaborar os textos para escribir cunha linguaxe inclusiva, moderna e sinxela . Recoñece e corrixe as incorreccións dunha linguaxe sexista e non inclusiva, para aplicalo de xeito práctico á nosa actividade cotiá. Mellorar o uso inclusivo da linguaxe, analizando o sexismo que pode transmitir e formulando os recursos e as solucións que a propia lingua posúe . | | | |
| PROGRAMA E CONTIDO: 1. Lingua e xénero 2. As confusións do xénero 3. Como se manifesta o sexismo na lingua 4. Alternativas e propostas 5. Recursos. | | | |

| | | | |
|--|--|------------------------|---------|
| Denominación | ACCIÓN FORMATIVA 2021/FTRV/017 | | |
| | REDACCION E ESTILO PARA A MELLORA DOS TEXTOS PROFESIONAIS | | |
| Destinatarios | A totalidade do persoal municipal | | |
| Nº de Edicións | 1 | Modalidade | On line |
| Nº de participantes por Edición | 20 | Total de participantes | 20 |
| Nº de horas por Edición | 40,00 | Total de horas | 40,00 |
| Características: Coñecementos transversais Obxectivos: Redactar con fluidez e empregar correctamente as convencións da escrita: puntuación, tipografía, abreviacións... Traballar cun enfoque práctico as claves e as técnicas para redactar de forma correcta, eficaz e actual. | | | |
| PROGRAMA E CONTIDO: | | | |
| <ol style="list-style-type: none"> 1. Claves para unha redacción eficaz 2. Comezar a escribir 3. Para redactar ben 4. Puntuar un texto 5. Maiúsculas e minúsculas 6. Abreviacións 7. Recursos tipográficos 8. Linguaxe non-sexista 9. Palabras de ortografía dubidosa 10. A revisión do texto 11. Redacción de documentos | | | |

| | | | |
|---|---|------------------------|---------|
| Denominación | ACCIÓN FORMATIVA 2021/FTRV/018 | | |
| | LINGUA GALEGA HOXE. RECICLAXE E ACTUALIZACION. | | |
| Destinatarios | A totalidade do persoal municipal | | |
| Nº de Edicións | 1 | Modalidade | On line |
| Nº de participantes por Edición | 20 | Total de participantes | 20 |
| Nº de horas por Edición | 40,00 | Total de horas | 40,00 |
| Características: Coñecementos transversais Obxectivos: Escribir en galego con corrección e de xeito cómodo e sinxelo, empregando con corrección a normativa oficial do galego así como actualizar as principais regras que pautan o uso do noso idioma. | | | |
| PROGRAMA E CONTIDO: | | | |
| <ol style="list-style-type: none"> 1. O artigo 2. Os demostrativos 3. Os numerais 4. Outros determinantes 5. Que, quen, canto e outros pronomes 6. As terminacións das palabras I 7. As terminacións das palabras II | | | |



Concello de Vigo

8. Palabras de ortografía dubidosa
9. CT, CC e outros encontros de consoantes
10. Adverbios, preposicións e conxuncións
11. Como acentuar
12. O verbo
13. O pronome persoal
14. Itinerario final

2.- Formación específica (FSPC)

| ACCIÓN FORMATIVA 2021/FSPC/001 | | | |
|---|---|------------------------|---------|
| Denominación | TELETRABALLO, TRABALLO EN ENTORNOS REMOTOS E ESPACIOS VIRTUAIS. A PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS EN TELETRABALLO | | |
| Destinatarios | Subgrupos A1, A2, C1 e C2 que desenvolvan funcións susceptibles de desempeño por medios remotos | | |
| Nº de Edicións | 1 | Modalidade | On line |
| Nº de participantes por Edición | 30 | Total de participantes | 30 |
| Nº de horas por Edición | 30,00 | Total de horas | 30,00 |
| Características: Competencias profesionais específicas asociadas ao desempeño de funcións por medios remotos, cando o contido funcional do posto de traballo o permita. | | | |
| Obxectivos: Adquirir a visión do traballo colaborativo e en rede, incidindo nos mecanismos para a xeneración de sinerxias positivas en entornos laborais dende a perspectiva da motivación | | | |
| PROGRAMA: 1.- Definición de equipos remotos. Características da xestión remota. Xestión de equipos a distancia: planificación e organización do traballo. 2.- A importancia da comunicación en entorno remotos: comunicación versus distracción. Os ladróns de tempo. A auto-disciplina individual no traballo remoto: adquirindo responsabilidade sobre o propio traballo. A evitación da procrastinación: mecanismos de mellora do desempeño persoal. 3.- Introducción ao teletraballo. Concepto e características do teletraballo. Réxime de dereitos e obrigas consonte ao marco normativo de aplicación no ámbito do sector público. Plan de traballo e indicadores de seguimento. Organización do traballo remoto. Planificación de obxectivos. Seguimento, medición e control de resultados. O traballo por obxectivos, non por horas). Indicadores de actividade e de produtividade. 4.- A cultura organizativa: dixitalización da organización. As dinámicas de interacción persoal no traballo remoto: deslinde entre interacción profesional e persoal e o necesario equilibrio entre ambas. 5.- A prevención de riscos laborais no teletraballo. Análise do <i>burnout</i> e da fatiga dixitais. Xestión do illamento e estrés no traballo: Medidas de prevención e intervención. Técnicas de prevención do estrés. Intervencións e mecanismos de actuación en situacións críticas. | | | |

| | | | |
|--|--|------------------------|---------|
| Denominación | ACCIÓN FORMATIVA 2021/FSPC/002 | | |
| | O PLAN DE RECUPERACIÓN E RESILIENCIA: A XESTIÓN DE FONDOS NEXT GENERATION EU | | |
| Destinatarios | Subgrupos A1, A2 e C1 asignados aos ámbitos materiais e funcionais de Contratación, Patrimonio, Servizos Económicos, Servizos Xerais, Participación Cidadá e Emprego, e demais que reciban ou xestionen Fondos NGEU. | | |
| Nº de Edicións | 1 | Modalidade | On line |
| Nº de participantes por Edición | 30 | Total de participantes | 30 |
| Nº de horas por Edición | 30,00 | Total de horas | 30,00 |
| Características: Competencias profesionais específicas asociadas aos ámbitos materiais ou funcionais referenciados. | | | |
| Obxectivos: Adquirir a visión do traballo colaborativo e en rede, incidindo nos mecanismos para a xeneración de sinerxias positivas en entornos laborais dende a perspectiva da motivación | | | |
| PROGRAMA: A determinar consonte ás necesidades contempladas nos plans e proxectos establecidos para ser desenvolto no Concello de Vigo. | | | |

| | | | |
|--|--|------------------------|---------|
| Denominación | ACCIÓN FORMATIVA 2021/FSPC/003 | | |
| | XESTIÓN DO ESTRÉS E MINDFULNESS | | |
| Destinatarios | Subgrupos A1 e A2 | | |
| Nº de Edicións | 1 | Modalidade | On line |
| Nº de participantes por Edición | 30 | Total de participantes | 30 |
| Nº de horas por Edición | 20,00 | Total de horas | 20,00 |
| Características: Competencias profesionais específicas en subgrupos de titulación susceptibles de alta exposición ao estrés profesional. | | | |
| Obxectivos: Coñecer a resposta ao estrés e as súas consecuencias. Aprender a diferenciar estrés e ansiedade, o estrés positivo (eustrés) e negativo (distrés). Descubrir a incidencia do estrés no organismo, con especial consideración do coidado da saúde, e utilizando a metodoloxía práctica da atención plena (<i>mindfulness</i>) como mecanismo de afrontamento e de autorregulación do estrés. Analizar os entornos de traballo como potencial fonte de estrés laboral, aprendizaxe das técnicas de relaxación e de desactivación do estrés, e propostas de afrontamento. | | | |
| PROGRAMA: a determinar por expertos. | | | |



Concello de Vigo

| | | | |
|---|---|------------------------|---------|
| Denominación | ACCIÓN FORMATIVA 2021/FSPC/004 | | |
| | LIDERAZGO E DIRECCIÓN PÚBLICA: CLAVES E ESENCIAIS DO DESEMPEÑO DIRECTIVO | | |
| Destinatarios | Xefaturas de Área e Xefaturas de Servizo/Unidade | | |
| Nº de Edicións | 1 | Modalidade | On line |
| Nº de participantes por Edición | 30 | Total de participantes | 30 |
| Nº de horas por Edición | 30,00 | Total de horas | 30,00 |
| Características: Competencias profesionais específicas para o desempeño das funcións de carácter directivo contempladas nas vixentes Guías sobre Funcións dos Postos de Traballo do Concello de Vigo para os postos de traballo de Xefatura de Área e Servizo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local. | | | |
| Obxectivos: Aprendizaxe e contextualización do concepto de liderazgo, analizando o concepto e os modelos, xunto cos aspectos formais e materiais. Estudio das disfuncións no exercicio e dos perfís de dirección negativos e o seu impacto nas organizacións. Mellora integral das competencias directivas, con incidencias das claves esenciais do desempeño directivo enfocado cara á dirección pública local e ao exercicio de responsabilidades superiores nas entidades locais, con perspectiva innovadora, de xénero e integridade. | | | |
| PROGRAMA: A determinar. | | | |

| | | | |
|--|--|------------------------|---------|
| Denominación | ACCIÓN FORMATIVA 2021/FSPC/005 | | |
| | FORMACION DE FORMADORES | | |
| Destinatarios | Empregados municipais que desexen participar como formadores intermos no Plan de Formacion do Concello de Vigo | | |
| Nº de Edicións | 1 | Modalidade | On line |
| Nº de participantes por Edición | 30 | Total de participantes | 30 |
| Nº de horas por Edición | 35,00 | Total de horas | 35,00 |
| Características: Adquisición dos coñecementos básicos que permitan programar eficazmente, impartir e avaliar as accións formativas nas que se interveña como formador. | | | |
| Obxectivos: Programar, impartir e avaliar unha acción formativa, aplicando os fundamentos básicos da programación, impartición e avaliación das accións formativas. Coñecer e aplicar os métodos , recursos , formas e estilos de docencia que faciliten o éxito do proceso ensinanza-aprendizaxe | | | |
| PROGRAMA: 1.- O proceso da ensinanza -aprendizaxe 2.-O formador/a. Habilidades docentes 3.-O Grupo de formación 4.-Os entornos de aprendizaxe 5.- Recursos e materiais didácticos 6.-Programación das actividades formativas 7.-Avaliación e seguimento do proceso de formación | | | |

| | | | |
|--|---|------------------------|---------------------------------|
| Denominación | ACCIÓN FORMATIVA 2021/FSPC/006 | | |
| | FORMACION EN PROCESOS DE SEGURIDADE SOCIAL E COMUNICACIONES COS ORGANISMOS OFICIAIS TGSS, SEPE, CONTRAT@ y CERTIFIC@ | | |
| Destinatarios | Empregados municipais da Area de Recursos Humanos e Formacion | | |
| Nº de Edicións | 1 | Modalidade | On line con sesións sincrónicas |
| Nº de participantes por Edición | 10 | Total de participantes | 10 |
| Nº de horas por Edición | 180,00 | Total de horas | 180,00 |
| Obxectivos: | | | |
| <p>Adquisición de coñecementos nas tarefas relacionadas coas cotizacións dos seguros sociais mensuais, o rexistro dos partes de lts e afiliacións que se xeneren así como baixas e altas na nómina municipal incluíndo contratacións laborais amais de atención das dúbidas que poidan xurdirrelativas a operativa en Ginpix7 así como nas comunicacións cos organismos oficiais TGSS, SEPE, CONTRAT@ y CERTIFIC@</p> | | | |
| PROGRAMA: | | | |
| <p>1.- Incapacidade Temporal 2.-INSS (FDI-RECEMA) 3.-Afiliación. Altas e Baixas. 4.-Contrat@ 5.-Cerifica@ 6.- Cotizacións Seguros Sociais (SLD-CRA)</p> | | | |

| | | | |
|--|--|------------------------|------------|
| Denominación | ACCIÓN FORMATIVA 2021/FSPC/007 | | |
| | MANTENIMENTO DE INSTALACIONES MUNICIPALES | | |
| Destinatarios | Persoal de Oficios | | |
| Nº de Edicións | 1 | Modalidade | Presencial |
| Nº de participantes por Edición | 15 | Total de participantes | 15 |
| Nº de horas por Edición | 100,00 | Total de horas | 100,00 |
| Obxectivos: | | | |
| Adquisición de coñecementos básicos nos distintos oficios relacionados co mantemento de instalacións | | | |
| PROGRAMA: | | | |
| <p>1. FUNDAMENTOS DE MANTENIMENTO DA EDIFICACIÓN Interpretación de planos e símbolos Cementos, revocos e outros aglutinantes Vidros e cerramentos Carpintería metálica e modular Revestimentos e pintura Mantemento preventivo de tapas e forros Regulamento de prevención en obras de construción RD 1627/1997 do 24 de outubro</p> <p>2.- MANTENIMENTO ELÉCTRICO Interpretación de planos e esquemas: simboloxía Faltas máis comúns: causas e algunhas solucións Medición eléctrica Ferramentas de protección e corte</p> | | | |



Concello de Vigo

Control e accionamento de máquinas eléctricas
Construción de instalacións eléctricas
Regulación para baixa tensión

3. FUNDAMENTOS DE MANTEMENTO NAS INSTALACIÓNS DE FONTANERÍA

Instalacións de fontanería
Elementos de instalación
Símbolos máis empregados en instalacións de fontanería.
Presión, caudal e velocidade.
Esquema e elementos dunha instalación de abastecemento de auga (segundo CTE)
Tipos de tubos e os seus diámetros
Válvulas e billas
Operacións de mantemento
Sistemas de evacuación de augas residuais e pluviais
Técnicas de reparación de tubaxes.

4. FUNDAMENTOS DE MANTEMENTO NAS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN

Tipos de sistemas de calefacción.
Caldeiras e queimadores.
Radiadores e quentadores de aire.
Elementos auxiliares (vasos de expansión, válvulas de seguridade, etc.)

5. FUNDAMENTOS DO MANTEMENTO EN INSTALACIÓNS DE CARPINTERÍA

Tipos de madeira e táboas (DM, aglomerados, etc.).
Xuntas de pezas de madeira
Operacións básicas (cepillado, serrado, etc.)
Portas, ventás e chan de madeira

| | | | |
|--|--|------------------------|------------|
| Denominación | ACCIÓN FORMATIVA 2021/FSPC/008 | | |
| | COIDADOS DOS ANIMAIS EN CAUTIVIDADE | | |
| Destinatarios | Persoal adscrito a Vigozoo | | |
| Nº de Edicións | 1 | Modalidade | Presencial |
| Nº de participantes por Edición | 15 | Total de participantes | 15 |
| Nº de horas por Edición | 40,00 | Total de horas | 40,00 |
| Obxectivos: | | | |
| Coñecer o comportamento dos animais en catividade, adquirindo as destrezas para mellorar o seu benestar. | | | |
| PROGRAMA: | | | |
| 1. Zooloxía e etoloxía. 2. Seguridade na manipulación de animais. 3. Instalacións do zoo e enriquecemento. 4. Reprodución e cría en catividade. 5. Nutrición e alimentación. 6. Fisioloxía e patoloxía. 7. Coidado veterinario en animais salvaxes. 8. Epidemioloxía e programa sanitario | | | |

As accións formativas serán impartidas, preferentemente, na modalidade virtual. No caso da imposibilidade de realización nesta modalidade, a súa celebración quedará condicionada a evolución da actual situación de pandemia, e sempre realizaranse coa adopción de todas as medidas antiCOVID necesarias.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(763).- TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO MEDIANTE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU PARA DAR CONTINUIDADE Á DIFUSIÓN DAS ACTUACIÓNS DE PROMOCIÓN CONDUCENTES Á PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA DAS “ILLAS CÍES PATRIMONIO DA HUMANIDADE” DURANTE O ANO 2021. EXPTE. 7962/104.

Visto o informe xurídico do 17/08/21 e o informe de fiscalización do 19/08/21, dáse conta do informe-proposta do 13/08/21, asinado pola xefa de Turismo e pola conceleira-delegada de Área, que di o seguinte:

En data do Rexistro Xeral 6 de xullo de 2021, a Fundación Vigo Convention Bureau (en adiante, FVCB) presenta escrito de solicitude de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Vigo Convention Bureau para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes á presentación da candidatura das “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” durante o ano 2021 (Nº Doc. 210122266), por importe total de 250.000,00€, con cargo á aplicación presupostaria 4320.4800000 “Convenio de xestión das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” do programa orzamentario do servizo de Turismo para o vixente exercicio económico.

ANTECEDENTES

A FVCB é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego. A FVCB non dispón de recursos propios para o desenvolvemento das accións a que se refire este convenio, na condición de patrón, o Concello de Vigo é o único promotor das actividades previstas. Así mesmo o carácter público da fundación fai que non sexa necesario o establecemento de garantía.

A FVCB ten como fin o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunión, captación de congresos, convencións e viaxes de incentivo para a cidade de Vigo.

Tal e como se recolle no artigo 30 dos seus estatutos, os recursos económicos da FVCB se compoñen dos seguintes elementos :



Concello de Vigo

-Dotación inicial.

-As achegas económicas dos patróns fundadores, das entidades colaboradoras e ingresos doutra índole. A contía anual das achegas decidírase por parte do Padroado.

-Os ingresos procedentes da facturación dos seus servizos e actividades, sempre e cando se obteña, se fose precisa, a preceptiva autorización do Protectorado e concorran as demais condicións previstas na Lei 12/2006, de Fundacións de interese galego e disposicións regulamentarias.

-Os derivados de contratos, concertos e convenios con persoas físicas ou xurídicas ou entidades públicas ou privadas de calquera tipo.

-Os rendementos do seu patrimonio.

-Subvencións, axudas, bens ou legados, así como os derivados de patrocinios.

-Os créditos e prestamos que lle sexan concedidos.

A FVCB ten entre as súas actividades, segundo dispón o artigo 5 dos seus estatutos, as seguintes:

-Promover a creación e/ou mellora estrutural dos bens e servizos conexas con esta actividade.

-Coordinar con autoridades, organización e entidades de fomento e promoción do turismo as accións de promoción necesarias.

A FVCB, consonte co previsto no artigo 15, aprobou na reunión do padroado de data 6 de agosto de 2021 aprobou o Anexo I. Memoria e orzamento do proxecto do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Vigo Convention Bureau para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes á presentación da candidatura das "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade" durante o ano 2021, na mesma data presenta a través do Rexistro Xeral a certificación da aprobación no Padroado (Doc Nº210162428)

O Concello de Vigo e a FVCB veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión da cidade dende o ano 2010. A FVCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de promoción da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo, etc, desenvolven todas esas actuacións que se atopan no ámbito das súas competencias.

A FVCB no marco das súas funcións de promoción, en colaboración co Concello de Vigo, está interesada na realización do presente convenio de colaboración en relación ó obxecto de que a FVCB de continuidade a unha serie de accións de difusión e marketing para a concienciación e información á cidadanía, fundamentais no proceso de presentación da candidatura "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade" durante o ano 2021.

Esta actuación non pode resolverse cos medios humanos e materiais cos que conta o Concello de Vigo e non parece oportuno incrementalos para unha actuación puntual. Doutra banda o carácter unitario e participativo da FVCB de todo o sector turístico de Vigo aconsella que a difusión e promoción da candidatura se realice a través de este ente no que participa o Concello de Vigo.

A obtención da declaración das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade suporía para a cidade o recoñecemento dese recurso turístico, tanto a nivel nacional como internacional, que sentaría as bases dun novo enfoque na promoción turística da cidade.

DOCUMENTACIÓN

A FVCB presenta a documentación relativa ao expediente de transferencia, que está integrada pola seguinte documentación:

- Anexo I. Memoria e orzamento do proxecto do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Vigo Convention Bureau para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes á presentación da candidatura das “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” durante o ano 2021.
- Certificado de aprobación de participación convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Vigo Convention Bureau para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes á presentación da candidatura das “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” durante o ano 2021, (Nº documento 210162428)
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria.
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social.
- Certificado de estar ao corrente de pagos con Facenda.
- Certificación da conta bancaria.

O certificado de estar ao corrente co Concello de Vigo, aportarase polo Concello de Vigo Revisada a memoria que contén as actuacións que desenvolveranse no ano 2021, no marco das actividades fundacionais recollidas no artigo 5 dos Estatutos da FVCB e que cumpren cos fins fundacionais dispostos no artigo 4 dos mesmos estatutos.

Dita memoria, contén o plan de actuación que cumpre co disposto no artigo 15.2.d dos Estatutos “ corresponde ao Padroado aprobar o plan de actuación”.

XESTIÓN DA COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA FVCB E LEXISLACIÓN APLICABLE

O Concello de Vigo de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

O Decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados de data 18 e 26 de xuño de 2019 e Resolución de alcaldía, de modificación delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área, de data 17 de agosto de 2020, establece na Concelleira Delegada da Área de Turismo e Xuventude entre outras, a seguinte facultade: Dirección da FVCB. Vicepresidencia do padroado, e co obxecto de xestionar como mellor procede esta colaboración.



Concello de Vigo

De acordo co disposto no artigo 2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, as fundacións públicas están suxeitas á Lei de Contratos do Sector Público na forma e termos previstos na mesma.

Ata o ano 2017, a xestión da colaboración do Concello de Vigo coa FVCB para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes á presentación da candidatura das "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade", viñan desenvolvéndose da cordo co establecido no art. 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, por unha subvención nominativa, enmarcado nun convenio de colaboración, no que se establecían as condicións e obrigas derivadas da subvención.

A Lei xeral de subvencións establece no artigo 2.2 " No están comprendidas no ámbito de aplicación de esta lei, as achegas dinerarias entre diferentes administracións públicas, para financiar globalmente a actividade da Administración á que vaian destinadas e as que se realicen entre os distintos axentes dunha administración cuxos presupostos se integren nos Presupostos Xerais da Administración á que pertenzan, tanto si se destinan a financiar globalmente a súa actividade como a realización de actuacións concretas a desenvolver no marco das funcións que teñan atribuídas, sempre que non resulten dunha convocatoria pública".

Á vista do informe do servizo de Intervención de data de 9 de febreiro de 2018 (expte.6936-104) de transferencia de financiamento do Concello de Vigo á FVCB para o seu funcionamento durante o exercicio 2018, no que alude ao Convenio Cíes 2018 como: "A estimación dos ingresos que presenta a FVCB inclúe o concepto Convenio 250.000,00€, o servizo xestor na súa execución debe considerar o disposto no artigo 2.2 da Lei Xeral de Subvencións." Polo exposto, a fórmula de subvención nominativa substitúese pola de transferencia de financiamento non suxeita a Lei xeral de subvencións, sobre a que se debe concretar a periodicidade dos pagamentos e as obrigas das partes que establecerase a través dun convenio de colaboración, que recolle os contidos mínimos esixidos para a concesión desta transferencia do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público. A comprobación, xustificación, fiscalización e control financeiro da achega municipal, así como a actividade de FVCB, excluída totalmente do réxime subvencional, debe realizarse pola Intervención Xeral.

A maiores e toda vez que entre en vigor o RD 424/2017 de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas Entidades Locais, a auditoría das contas anuais das Fundacións locais formarán parte do Plan Anual de Control Financeiro a elaborar polo órgano interventor, segundo informe do Servizo de Intervención de data 9 de febreiro de 2018 (Expte 6936-104).

De conformidade con artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio, así mesmo, queda facultada a Concelleira Delegada da área de Festas e Turismo para asinar o citado convenio.

PROPONSE.-

1º.- Que se aprobe o texto do "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU PARA DAR CONTINUIDADE Á DIFUSIÓN DAS ACTUACIÓNS DE PROMOCIÓN CONDUCENTES A PRESENTACIÓN DA

CANDIDATURA DAS “ILLAS CÍES PATRIMONIO DA HUMANIDADE” DURANTE O ANO 2021”.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 250.000,00€ (dous centos cincuenta mil euros), en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Fundación Vigo Convention Bureau, CIF G-27722883, con cargo á aplicación presupostaria 4320.4800000 (Convenio de xestión das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade) do programa orzamentario do servizo de Turismo para o vixente exercicio económico.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU PARA DAR CONTINUIDADE Á DIFUSIÓN DAS ACTUACIÓNS DE PROMOCIÓN CONDUCENTES A PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA DAS “ILLAS CÍES PATRIMONIO DA HUMANIDADE” DURANTE O ANO 2021. (EXPTE 7962-104)

En Vigo, na data de sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Turismo (en adiante CONCELLERÍA) no seu nome e representación D^a. M^a Carmen Lago Barreiro en virtude do seu cargo de Concelleira-delegada da área de Turismo e Xuventude do Concello de Vigo, con enderezo na Praza do Rei N^o1, CP. 36202,(CIF P3605700H), para o que foi nomeada polo decreto de delegación de Alcaldía de datas 18 e 26 de xuño de 2019 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019 e Resolución de alcaldía, de modificación delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área, de data 17 de agosto de 2020 , no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo.

Doutra parte, D. Pablo Cameselle Martínez, na condición de Director Xerente da Fundación Vigo Convention Bureau, (en adiante FVCB) con CIF G27722883, con enderezo social na rúa Cánovas del Castillo 3, Estación Marítima de Ría – local 2

D^a. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Administración Municipal, da fe do acto

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.- Que a **FVCB** é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego.

A FVCB consta no Inventario de entidades da Secretaría General de Financiación Autonómica y Local do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas como Fundación da Administración Pública a Fundación Convention Bureau (A A PP - 0 1 / 1 2 / 2 0 1 8). Asemade conforme o acordo co disposto no artigo 2 da



Concello de Vigo

Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, as fundacións públicas están suxeitas á Lei de Contratos do Sector Público na forma e termos previstos na mesma e conforme o RD 424/2017 de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas Entidades Locais, a auditoría das contas anuais das Fundacións locais formarán parte do Plan Anual de Control Financeiro a elaborar polo órgano interventor.

O fin da FVCB é o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación e desenvolvemento das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunións e a captación de congresos, convencións e viaxes para a cidade de Vigo.

A FVCB ten entre as súas actividades, segundo dispón o artigo 5 dos seus estatutos, as seguintes:

-Coordinar con autoridades, organización e entidades de fomento e promoción do turismo as accións de promoción necesarias.

-Promover a creación e/ou mellora estrutural dos bens e servizos conexas coas actividades turísticas.

-Crear e consolidar unha conciencia pública en relación coa trascendencia económica do turismo e especialmente co turismo de congresos e reunións.

-Realizar e xestionar o rexistro de empresas organizadoras e provedoras de bens e servizos relacionados coa actitude de turismo de reunións.

-Producir e distribuir a guía profesional de congresos, que aglutine toda a información cun inventario de recursos turísticos e infraestruturas para a celebración de eventos.

-Coordinar coas áreas municipais correspondentes a correcta utilización dos servizos municipais.

-Proporcionar información turística en distintos soportes e publicación de interese para os delegados.

-Realizar as explotacións económicas de elaboración, edición, publicación e venda de libros, revistas, folletos, merchandising, material audiovisual e material multimedia sobre a cidade de Vigo.

A FVCB, consonte co previsto no artigo 15 dos Estatutos de Fundación, aprobou na reunión do padroado de data 29 de decembro de 2020 o Convenio Illas Cíes 2020, o Anexo I, Memoria e orzamento do proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Vigo Convention Bureau para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes á presentación da candidatura das “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” durante o ano 2021, que recolle o seu plan de traballo para o vixente ano.

II.- Que o **Concello de Vigo** de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xuño de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

III.- Que o **Concello de Vigo e a FVCB** veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión da cidades dende o ano 2010. A FVCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de promoción da cidade de Vigo, workshops, me-

sas de turismo, principais feiras de turismo, etc, desenvolven todas esas actuación que se atopan no marco das súas competencias de creación, promoción e mellora dos bens turísticos de Vigo.

IV.- Que o **Concello de Vigo** esta interesado en continuar os trámites conducentes á difusión das accións de promoción para á presentación da candidatura “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” iniciados no ano 2015.

A UNESCO, Organización das Nación Unidas para a Cultura, Ciencia e Educación, concede a través dun programa específico fundado pola Convención sobre a Protección do Patrimonio Cultural e Natural, o título de Patrimonio da Humanidade a sitios específicos do planeta de excepcional importancia cultura ou natural previamente nomeados e confirmados para a súa inclusión na lista elaborada polo Programa Patrimonio da Humanidade, a cal, alén do recoñecemento unha excepcional visibilidade, permite acompañar o desenvolvemento da “marca cidade” ou “destino turístico”.

Ata a data en Galicia foron declarados Patrimonio da Humanidade, a cidade Vella de Santiago de Compostela, o Camiño de Santiago, a Torre de Hércules e a Muralla Romana de Lugo.

A inclusión na lista de Patrimonio da Humanidade implica que recurso proposto teña un “sobresaliente valor universal”. Tal inclusión esixe que satisfaga polo menos un dos dez criterios de selección. No caso que nos ocupa as Illas Cíes cumpren cos apartados 7, 9 e 10 do decálogo:

- Conter fenómenos naturais superlativos ou áreas de excepcional beleza natural e importancia estética
- Ser un dos exemplos eminentes de procesos ecolóxicos e biolóxicos no curso da evolución dos ecosistemas.
- Conter os hábitats naturais máis representativos e máis importantes para a conservación da biodiversidade, incluíndo aqueles que conteñen especies ameazadas de destacado valor universal desde o punto de vista da ciencia e o conservacionismo.

V.- Que a **FVCB** no marco das súas funcións de promoción, en colaboración co Concello de Vigo, está interesada na realización do presente convenio de colaboración en relación ao obxecto de que a FVCB desenvolva as accións que ten entre as súas competencias, para continuar as actuacións de difusión conducentes á posta en marcha da candidatura das “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade”, así como todas aquelas funcións de promoción para a consecución da mesma.

A obtención da declaración das “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” suporía para o turismo de Vigo e para a FVCB o recoñecemento dun recurso turístico, tanto a nivel nacional como internacional, que sentaría as bases dun novo enfoque na promoción turística da cidade.

VI.- Que o **Concello de Vigo** no seu vixente orzamento, na aplicación presupostaria 4320.4800000 prevé unha transferencia Convenio das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade, polo importe de 250.000€ (dous centos cincuenta mil euros).

A figura do Convenio enmárcase dentro dos instrumentos axeitados de colaboración entre Administracións Públicas para o desenvolvemento de obxectivos de interese común, de conformidade co previsto no Capítulo VI (arts. 47 a 53) da Lei 40/2015, de réxime xurídico do Sector Público. Concretamente o convenio pro-



Concello de Vigo

posto sirve como medio de instrumentación dunha transferencia de financiamento prevista no orzamento municipal. Conforme o disposto no artigo 2.2 da Lei xeral de subvencións está excluída do ámbito de aplicación da lei as achegas dinerarias entre diferentes administracións públicas, para financiar globalmente a actividade da Administración á que vaian destinadas e as que se realicen entre os distintos axentes dunha administración cuxos presupostos se integren nos Presupostos Xerais da Administración á que pertencen, tanto si se destinan a financiar globalmente a súa actividade como a realización de actuacións concretas a desenvolver no marco das funcións que teñan atribuídas, sempre que non resulten dunha convocatoria pública”.

VII.- Que o **Concello de Vigo** desenvolveu nos últimos anos, o Plan de Competitividade de produto Turístico “Turismo Urbano e de Ría” (PCPT Vigo) co obxecto, entre outros, de aumentar a demanda de visitantes, promover a internacionalización do turismo, aumentar os ingresos e rendibilidade da actividade turística local e a desestacionalización do turismo.

O PCPT Vigo “Turismo urbano e de Ría” desenvolveu un significativo número de programas e produtos turísticos, segmentado e con grande capacidade de comercialización entre os que de xeito destacado se atopan a Ría de Vigo e as Illas Cíes.

As Illas Cíes son o recurso turístico por excelencia da cidade de Vigo, segundo recurso turístico máis visitado de Galicia, polo que precisan da xestión adecuada para a posta en marcha de accións conducentes á difusión da candidatura “Illa Cíes Patrimonio da Humanidade”, así como aquelas de promoción da mesma.

Os Decretos de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados de datas 18, 20 e 26 de xuño de 2019 e Resolución de alcaldía, de modificación delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área, de data 17 de agosto de 2020, establece na Concelleira Delegada da Área de Turismo e Xuventude, entre outras, a seguinte facultade: Dirección da FVCB. Vicepresidencia do padroado, e co obxecto de xestionar como mellor procede esta colaboración.

En base ás precedentes consideracións e ao interese turístico da cidade, o Concello de Vigo e a FVCB conveñen formalizar o presente convenio de colaboración durante o ano 2021.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a instrumentalización dunha transferencia de financiamento para a execución do proxecto “ILLAS CIES PATRIMONIO DA HUMANIDADE 2021” (Anexo I) aprobado polo Padroado da FVCB en sesión de data 6 de agosto de 2021, por importe de 250.000 euros prevista na aplicación orzamentaria 4320.4800000 consistente na execución das accións de difusión e marketing para a concienciación e información á cidadanía, fundamentais no proceso de presentación da candidatura “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” durante o ano 2021, recollidos no Anexo I.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU.

A FVCB, comprométese a colaborar coa CONCELLERÍA, para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes á presentación da candidatura “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade”, o perío-

do establecido para o desenvolvemento das anteditas actividades será o ano 2021, conforme co programa recollido no Anexo I, cuxas liñas de actuación son as seguintes:

- II Desafío Audiovisual Illas Cíes.
- Vídeo Illas Cíes.
- Programa Ciestalent.
- Concurso “ Cíes : O paraíso de todos”
- Concurso #Siento Cíes
- Caderniños temáticos.
- Banners e microsite promocional.
- Xornadas arquitectura W.A.VE 2021 Cíes
- Acción de promoción e edición de material.

Así como o desenvolvemento das seguintes actuacións:

- 1.- Levar a cabo a continuidade das accións de difusión e marketing para a concienciación e información á cidadanía sobre o proceso da candidatura das “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade”.
- 2.- Dar continuidade as actividades de promoción das Illas Cíes necesarias para a concienciación previa á posta en marcha da obtención da declaración.
- 3.- Dotar do material e equipamento adecuado para conseguir os obxectivos do programas.
- 4.- Desenvolvemento das accións de difusión da potencial candidatura, tanto en medios físicos como en redes sociais.
- 5.- Asumir todos os custos directos e indirectos que se deriven do desenvolvemento das actividades.
- 6.- Establecer a través de recursos propios ou externos o asesoramento e xestión das necesidades vencelladas coas tarefas descritas.
- 7.- Comunicar á Concelleira-delegada da área de Turismo calquera modificación que se produza no programa de actividades que conforma o Anexo I, sempre e cando ditas modificacións non supoñan un incremento sobre o importe da transferencia de financiamento previsto neste convenio.



Concello de Vigo

8.-A FVCB deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas e remisión da información e cumprimento nas plataformas do Ministerio de Facenda por formar parte das Fundacións do grupo Concello de Vigo incluídas no perímetro de consolidación, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da transferencia.

Antes de conceder o pago a FVCB deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social.

TERCEIRA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA

A CONCELLERÍA comprométese a xestionar o pagamento á FVCB, para continuar coa execución e desenvolvemento das accións de difusión e promoción do proxecto de candidatura “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” durante o ano 2021, polo importe de 250.000€ (douscentos cincuenta mil euros).

CUARTA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS ACHEGAS.

Esta transferencia de financiamento será compatible con calquera outra axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais ou outros ingresos conforme o artigo 30 dos Estatutos. No caso de que o custo total da actividade resultase ser menor que o previsto para a execución do proxecto contemplado para a concesión da actividade ou se reducisen na execución da actividade as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma ou se obtiveran outros ingresos, procederá á redución da transferencia na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

QUINTA.- PAGAMENTO DA TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO

O pagamento da cantidade recollida neste convenio efectuarase en tres pagos,

- O primeiro pago será polo importe de 125.000€ (cento vinte e cinco mil euros) o 50% do importe do convenio, que farase efectivo á sinatura do convenio.
- O segundo pago por importe de 62.500€ (sesenta e dous mil cincocentos euros) o 25% do importe do convenio, que farase efectivo na 2ª quincena de outubro.
- O terceiro pago por importe de 62.500€ (sesenta e dous mil cincocentos euros) o 25% do importe do convenio, que farase efectivo na 1ª quincena de decembro.

O pagamento realizarase por medio de transferencia bancaria na conta con número de IBAN ES8720805000683040324245 da Entidade Bancaria ABANCA, con cargo a aplicación presupostaria 4320.4800000 Convenio xestión “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” polo importe total de 250.000 € (douscentos cincuenta mil euros)

SÉXTA.- PUBLICIDADE.

A FVCB debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

A información sobre as actividades que se edite en idioma galego terá que ser revisada polo Servizo de Normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurará o logotipo do Concello de Vigo e da FVCB, nas mesmas condicións e tamaños. Todo material editado deberá contar coa conformidade previa da CONCELLERÍA.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN.

1.-A FVCB deberá xustificar o cumprimento da finalidade obxecto para o que se concedeu a transferencia de financiamento. A tal efecto deberá presentar:

a) *Memoria parcial de actuación*, xustificativa do cumprimento das condicións previstas na presente transferencia, con indicación das actividades desenvolvidas durante o ano 2021 dentro do programa obxecto do primeiro pago, debe presentarse coa solicitude do segundo pago.

A memoria parcial de actuación xustificativa do segundo pago, deberán entregarse xunto coa solicitude do terceiro pago.

A memoria parcial de actuación xustificativa de terceiro pago deberá entregarse con anterioridade ao 31 de decembro de 2021.

As memorias parciais de actuación deberán conter os datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) *Memoria parcial económica*, xustificativa do custo final das actividades realizadas no ano 2021 deberá presentarse con anterioridade ao 31 de decembro de 2021.

A memoria económica final deberán conter un balance económico de gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial, con expresión de acredores, conceptos, importes e datas de emisión, e copias compulsadas das facturas.

A FVCB deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería de Turismo, pola Intervención do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas e remisión da información e cumprimentación nas plataformas do Ministerio de Facenda por formar parte das Fundacións do grupo Concello de Vigo incluídas no perímetro de consolidación

2.- A FVCB deberá achegar electrónicamente conforme o artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, as xustificacións, **a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica.

OITAVA.- CUMPRIMENTO DA FINALIDADE

O cumprimento da finalidade que determinou a concesión da transferencia deberá ser a axeitada á xustificación da mesma, que será comprobados pola CONCELLERÍA, a tal fin o persoal técnico do mesmo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade.



Concello de Vigo

A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público aínda que o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar de acordo cos requisitos sanitarios no momento da celebración da actividade.

NOVENA.- VIXENCIA.

O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2021 e non será prorrogábel.

DÉCIMA.- CONTROVERSIAS.

A concelleira-delegada da área de Turismo queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento, así como para propoñer ou autorizar modificacións tanto no programa de actividades que conforman o Anexo I, sempre e cando ditas modificación non supoñan un incremento sobre o importe da transferencia prevista neste convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN

O Convenio poderá resolverse en virtude das seguintes causas:

1. Pola finalización do período estipulado para a súa vixencia.
2. Por mutuo acordo das partes.
3. Polo incumprimento por algunha das partes de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.

No suposto de extinción do Convenio, as accións específicas concertadas ao abeiro da mesma seguiranse desenvolvendo na forma, condicións e prazos previstos ata o seu total cumprimento.

DÉCIMO SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS.-

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento. Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Turismo. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Turismo do Concello de Vigo.

DÉCIMO TERCEIRO. - XURISDICIÓN COMPETENTE

O presente convenio ten natureza administrativa. Será competencia exclusiva dos órganos do orde xurisdiccional contencioso-administrativo a resolución das controversias e litixios a que dera lugar o cumprimento do presente convenio.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar no lugar e data indicados.

14(764).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez